


EDITOR
M A N U E L R E Y M É N D E Z



EMPRESA E CIENCIA

CULTIVANDO O MAR

Cultivo de peixes, moluscos
e crustáceos en Galicia

CULTIVANDO O MAR
Cultivo de peixes, moluscos
e crustáceos en Galicia:
EMPRESA E CIENCIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CURSOS E CONGRESOS
DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
N.º 68



CULTIVANDO O MAR

**Cultivo de peixes, moluscos
e crustáceos en Galicia
EMPRESA E CIENCIA**

**ACTAS DO II SEMINARIO
"CULTIVANDO O MAR"**

O Grove, 10 e 11 de Outubro de 1990

Editor:
MANUEL REY MÉNDEZ

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO "CULTIVANDO O MAR" (2.ª 1990. O Grove)

Cultivando o mar : Cultivo de peixes, moluscos e crustáceos en Galicia : Empresa e ciencia : Actas do II Seminario "Cultivando o mar" : O Grove, 10 e 11 de Outubro de 1990 / Editor: Manuel Rey Méndez. — Santiago de Compostela : Universidade. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 1991. — 161 p. ; 24 cm. — (Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela ; 68). — Índice: p. 5. — D.L.: C-776-1991. — ISBN 84-7191-755-6

I. Rey Méndez, Manuel, coord.; II. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

639.3/5(461.1)

© Universidade de
Santiago de Compostela, 1991

A impresión deste libro foi posible
gracias á financiación das seguintes empresas:

Técnicas de Nutrición, S.A.

Nutrisa, S.A.

Arosa Industrial, S.A.

Trouw España, S.A.

EDITA: Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Campus Universitario

IMPRIME: Imprenta Universitaria
Campus Universitario

Dep. Leg.: C-776-1991
ISBN: 84-7191-755-6

INDICE

Presentación	7
Organización	9
Resultados das enquisas:	
Grupos de investigación.....	11
Empresas	
Programa	17
Acto de inauguración: <i>Alfredo Fernández Prieto y Manuel Rey Méndez</i>	21
Conferencias:	
JACOBO FERNANDEZ CASAL-JORGE SENEN BARREIRO » <i>Primeira experiencia de engorde de dourada en Galicia</i> ».....	27
FERNANDO MOLINA.- « <i>Situación actual e futura dos criadeiros de especies mariñas</i> »	33
Mesas de traballo:	
« <i>Patoloxía dos cultivos</i> »	36
« <i>Criadeiros</i> ».....	41
« <i>Manexo industrial</i> ».....	59
Conferencias:	
M ^a DO CARMO GARCIA NEGRO. « <i>Cultivos mariños e comercialización</i> ».....	79
GILLERMO ROMAN CABELLO. « <i>Alternativas á situación actual de sobre explotación do mexilón. Filtradores. Pectínidos</i> ».....	88
Mesas de traballo:	
« <i>Futuro dos cultivos: aspectos técnicos e comercialización</i> »	95
« <i>Mareas bermellas e condicións do medio natural</i> ».....	124

Conclusións 149

Acto de clausura: *M^a Lina Bernárdez, Alfredo Fernández Prieto, Manuel Rey Méndez, Dasio Carballeira* 155

Listado de participantes 161

Listado de empresas participantes 161



PRESENTACION

No pasado mes de outubro celebróuse no Grove a XXVII festa do Marisco; dentro do marco desta vella e prestixiosa festa gastronómica, realizamos unha xuntanza entre empresarios e investigadores interesados nos cultivos mariños co fin de achegar un pouco máis estes dous mundos dun sector en continua expansión. Nesta reunión púxose en contacto a investigadores e empresarios ou técnicos de empresa, para resolver problemas concretos ou ben desenvolver proxectos comúns. Trátase tamén de que estes Seminarios lle sirvan á Administración, autonómica ou estatal, para potenciar proxectos ou liñas de investigación que traten de resolver-los problemas xurdidos cunha perspectiva de futuro de cara a un sector tan importante para Galicia.

Na procura de que o encontro fose o máis fructífero posible, realizouse previamente unha dobre enquisa, por unha banda os técnicos e empresarios sinalaron, sen moito entusiasmo, cales son os problemas diarios ós que se enfrontan, o seu interés nos campos da fisioloxía, patoloxía ou enxeñería, e finalmente cal é a súa vontade de colaboración con organismos públicos de investigación para resolve-los problemas aparecidos; pola outra banda a segunda enquisa fíxose chegar ós investigadores, indicaronno-las súas especies e liñas de traballo, ademais das dificultades que teñen na investigación e as empresas do sector de cultivos mariños coas que colabouran.

Coa recollida de todos estes datos elaborouse o programa deste Seminario. Durante dúas xornadas celebráronse conferencias e mesas redondas, onde técnicos

e empresarios, investigadores, representantes da Administración e outros asistentes, analizaron a problemática actual do sector dos cultivos mariños en Galicia.

Este volume recolle as diferentes ponencias que se espuxeron e a súa discusión, mesas de traballo e as conclusións obtidas. Esperamos que aporten puntos de interese á análise e solución dos problemas do sector de cultivos mariños en Galicia.

Manuel Rey Méndez
Coordinador



ORGANIZACION:

Organizan: - Comisión de Investigación da Facultade de Bioloxía.
- Insuiña S.A.

Secretaría: Dpto. de Bioquímica e Bioloxía Molecular.
Facultade de Bioloxía. Universidade de Santiago.

Comité Organizador:

Coordinadores:

Manuel Rey Méndez. (Universidade de Santiago.)
Alfredo Fernández Prieto. (INSUIÑA S.A.)
Jacobo Fernández Casal. (INSUIÑA S.A.)

Dpto. de Bioquímica e Bioloxía Molecular. Universidade de Santiago:

Javier Quinteiro Vázquez.
José Manuel Puente Novoa.
Julio José Sánchez Chedas.
M^a Teresa Alvarez Martínez.
M^a Luz Pérez-Parallé Mera.

PATROCINAN:

Xunta de Galicia: - Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Pesca, Acuicultura e Marisqueo.
- Consellería de Sanidade.

Universidade de Santiago.
Exmo. Axuntamento de O Grove.
Comisión da XXVII Festa do Marisco.
Cámara de Comercio de Vilagarcía.
Caixa de Pontevedra.

Empresas Colaboradoras:

- * AROSA INDUSTRIAL S.A. (ARINSA).
- * CONTROL Y RENOVACION ELECTROMECHANICA S.A.
- * CORPORACION INTERALIMENTARIA S.A.
- * INSUIÑA S.A.
- * PESCANOVA
- * FENOSA



ENQUISAS

Durante a organización previa á realización deste Seminario, co obxectivo de centrar as reunións nos temas de máis interés e problemática, procedéuse a recoller información dos dous sectores protagonistas desta reunión: os grupos de investigación públicos e as empresas relacionadas co sector.

Nas enquisas enviadas ós grupos de investigación, principalmente demandábase información acerca das súas liñas de investigación actuáis así como das dificultades cás que se encontraban.

As empresas enviouse-lle outra enquisa ca intención de detectar os problemas reais dos cultivos mariños en Galicia así coma a intención de colaboura das empresas na labor de investigación dos organismos públicos. Compre dicir que foron poucas as enquisas que recibimos respostadas polas empresas.

Resúmese a continuación o resultado de ambas dúas.

GRUPOS E LIÑAS DE INVESTIGACION:

* Microbioloxía. (Facultade de Bioloxía):

Estudo da Flora bacteriana en sistemas de cultivos mariños e de auga dulce: a) Flora bacteriana normal e causante de mortalidades en troita, salmón, rodaballo, lubina, dourada e ostra. b) Caracterización bioquímica, serolóxica e molecular de patóxenos bacterianos. c) Desenrolo e/ou avaliación de medios e métodos de identificación bioquímica e serolóxica.

Mecanismos de Virulencia de bacterias patóxenas en peixes.

Aillamento e Caracterización de virus de peixes.

Estudos ecolóxicos en microbioloxía marina e acuicultura.

Prevenición e control de Enfermedades en Acuicultura: Vacinación e uso de antibióticos.

- * **Edafoloxía e Xeoloxía. (Facultade de Bioloxía):**
Parámetros físico-químicos da calidade de augas e sedimentos, composición mineralóxica de sedimentos, contaminación de sistemas acuáticos, impactos ambientais, usos do litoral.
- * **Bioloxía e Nutrición Larvar. (Instituto de Investigacións Mariñas. CSIC):**
Diseño de dietas inertes e enriquecedoras de presas vivas, nutrición larvar, avaliación nutritiva de presas vivas (microalgas, rotífero, artemia), fisioloxía enerxética/ecofisioloxía.
- * **Instituto Español de Oceanografía:**
Reproducción, cultivo larvario, crecemento e cultivo.
- * **Servicio de Investigación Mariña e Dirección Científica de Centros:**
Acuicultura (hatchery), engorde e bancos naturais, nutrición.
- * **Bioloxía Fundamental. (Facultade de Veterinaria):**
Caracterización de stocks e poboacións mediante marcadores citoxenéticos, bioquímicos e biométricos, manipulación cromosómica: estériles e triploides.
- * **Ecología. (Facultade de Bioloxía):**
Contaminación metálica no medio mariño.
- * **Fisioloxía Animal. (Facultade de Bioloxía):**
Metabolismo enerxético, endocrinoloxía e neuroquímica de peixes.
- * **Laboratorio de Tecnoloxía de Productos Pesqueiros. (Facultade de Bioloxía):**
Evaluación do grado de frescura segundo o método de captura, época, etc., aproveitamento de residuos industriais para alimentación animal.
- * **Control Experimental de Vilaxoán:**
Optimización na obtención de ovos e larvas recién eclosionadas viables en criadeiro de rodaballo, millora do cultivo larvario, fisioloxía e nutrición larvarias.
- * **Servicio Agrario. (Diputación Provincial de Pontevedra):**
Promoción e desenvolvemento dos sectores pesqueiros.
- * **Centro de Experimentación en Acuicultura de Couso:**
Calidade das postas, calidade nutritiva do alimento, posta a punto de técnicas de cultivo, control da reprodución, etc..

- * **Laboratorio de Anatomía Patolóxica. (Facultade de Veterinaria):**
Posta o día de técnicas morfolóxicas de diagnóstico.
- * **Parasitoxía. (Facultade de Farmacia):**
Inmunidade contra parásitos, tratamentos e identificación de infestacións parasitarias.
- * **Instituto de Investigacións Mariñas.CSIC:**
Nutrición, patoloxía e histopatoloxía.
- * **Ecología Bacteriana. (Facultade de Farmacia):**
Análises bacteriolóxico de auga e alimentos.
- * **Fisioloxía (C.U. de Lugo):**
Tiroides de troita, neuroendocrinoloxía de peixes.
- * **Química Orgánica. (Facultade de Química):**
Productos farmacolóxicamente activos, aillamento e determinación da estrutura. Aillamento e ensaio da biotoxiña PSP en moluscosivalvos.
- * **Biología Animal (C.U. de A Coruña):**
Biología de crustáceos, pesquerías, mantemento en cautividade, influencia do cultivo do mexilón no ecosistema.
- * **Facultade de Ciencias de Vigo:**
Desenrolo de técnicas de análise para a determinación de lípidos, desenrolo de metodoloxía analítica para a determinación de toxinas paralizantes e diarreicas.
- * **Microbioloxía. (C.U. de Lugo):**
Patoloxía bacteriana, mecanismos de patoxénese.
- * **Bioquímica e Biología Molecular. (Facultade de Biología):**
Influencia do estrés e a dieta na resposta inmunolóxica do rodaballo.

A continuación, móstrase de xeito gráfico, os resultados obtidos das enquisas realizadas ós grupos de investigación. Na gráfica 1 faise unha avaliación do número de grupos que está a traballar en distintas liñas de investigación. Na gráfica 2 preséntanse ás dificultades sinaladas polos investigadores.



CAMPOS DE INTERES DAS EMPRESAS:

Nas enquisas enviadas ás empresas, ademais dos datos persoais, demandouse información acerca dos seus campos de interés,; crustáceos, moluscos ou peixes e engorde ou hatchery.

Preguntouse tamén acerca dos campos de traballo que máis lle puderan interesar a cada empresa:

Fisioloxía da reprodución (Hatchery): interesa a calidade dos ovos, a supervivencia e o control dos reprodutores e a súa millora xenética, mortalidade e susceptibilidade ás patoloxías.

Inxeniería: interesa todo o relacionado co aforro enerxético, diseño de tanques, diseño de plantas e bombeos.

Comercialización: interesa o marketing, as novas presentacións dos produtos e os novos mercados.

Calidade da auga: interesa a problemática dos residuos contaminantes, as mareas bermellas e a incidencia da calidade da auga respecto ó cultivo larvario de moluscos.


Patoloxía: interesan as novas enfermidades, a súa importación, as cuarentenaas, tamén o estrés.

Alimentación: interesa o control de calidade, a alimentación por microcápsulas, o relacionado con fito/zooplankton e a problemática da alimentación natural e por piensos.

Fisioloxía do estrés: interesan as condicións ambientais e a súa medida.


Vacunas: interesa a súa efectividade.

Difficultades dos grupos de Investigación



gráfica 2.

Líneas de Investigación



gráfica 1.

PROGRAMA

Mercores, día 10.

09.00 h.- Entrega de documentación. Inscripción.

10.00 h.- Inaguración do Seminario:

- Exmo. Sr. D. Manuel Rey Méndez. Vicerrector de Investigación da Universidade de Santiago e membro do comité organizador do Seminario.
- D. Alfredo Fernández Prieto. Director asociado de Insuiña S.A. e membro do comité organizador do seminario.

10.15 h.- Café.

10.30 h.- Conferencias:

- Jacobo Fernández Casal e Jorge Senén Barreiro (Insuiña): «Primeira experiencia de engorde de Dourada en Galicia».
- Fernando Molina (Tinamenor): «Situación actual e futura dos criadeiros de especies mariñas».

11.45 h.- Café.

12.00 h.- Mesas de traballo sobre peixes:

- «Patoloxía dos cultivos». Coordinan: Alicia Estevez Toranzo, Manuel Aldegunde Villar (Universidade de Santiago) e Jacobo Fernández Casal (Insuiña).
- «Criadeiros». Coordinan: Fernando Molina (Tinamenor) e Ricardo Arnaiz (C.E. Vilaxoan).

14.00 h.- Xantar: Restaurante Casablanca.

16.30 h.- Continuación das mesas de traballo:

- «Manexo industrial». Coordinan: Alfredo Fernández Prieto e Jorge Senén Barreiro (Insuiña).
- Recollida de conclusións . Proxectos futuros.

20.00 h.- Proxección do video: «Vida mariña nas nosas costas.»

20.30 h.- Mesa redonda pública:

- «Actualidade e futuro dos cultivos de peixes en Galicia». Moderadores: coordinadores das mesas de traballo.

Xoves día 11.

09.00 h.- Entrega de documentación. Inscripción.

10.00 h.- Conferencias:

- M^a do Carmo García Negro (Universidade de Santiago): «Cultivos Mariños e comercialización».
- Guillermo Román Cabello (I.E. Oceanografía): «Alternativas á situación actual de sobre-explotación do mexilón. Filtradores. Pectínidos».

11.15 h.- Café.

11.30 h.- Mesas de traballo sobre moluscos e crustáceos:

- «Futuro dos cultivos: aspectos técnicos e comercialización». Coordinan: M^a do Carmo García Negro (Universidade de Santiago), Guillermo Román Cabello (I.E. Oceanografía) e Antonio Figueras (I.I. Pesqueras).

14.00 h.- Xantar: Restaurante Casablanca.

16.30 h.- Continuación das mesas de traballo:

- «Mareas bermellas e condicións do medio natural». Coordinan: Eladio Santaella (Subdirector Xeral de Ordenación Marítimo-Pesquera do Goberno Español), José F. Alonso Picón (Subdirector Xeral de Protección Civil),

Joaquín Garrido (Universidade de Santiago) e Aurelio Rodriguez Fernández (Xefe de sanidade Alimentaria).

Recollida de conclusións. Proxectos futuros.

20.00 h.- Proxección dos vídeo: «O percebe» e «Marisco: unha riqueza a coidar».

20.30 h.- Mesa redonda pública:

- «Actualidade e futuro dos cultivos de moluscos e crustáceos en Galicia». Moderadores: coordinadores das mesas de traballo.
- Acto de clausura do II Seminario «Cultivando o mar»:
 - M^a Lina Bernárdez.
 - Alfredo Fernández Prieto.
 - Manuel Rey Méndez.
 - Dasio Carballeira.





INAGURACION.

Alfredo Fernández Prieto.(INSUIÑA).

En primeiro lugar moitísimas gracias sinceramente a todos por estar aquí.

Este segundo Seminario que organizamos no Grove tuvo nesta ocasión unha acollida que nos ten moi ledos porque é importante, repito moitísimas gracias pola súa asistencia.

En segundo lugar aclarar moi rápidamente cal é o obxectivo, o senso deste seminario, qué se pretende conseguir con este seminario e a quen vai dirixido este seminario. Este é o segundo ano que organizamos unha actividade destas características. O ano pasado equivocámonos no enfoque, foi o primeiro ano, o ano pasado facíamos unhas mesas redondas abertas durante dous días, un adicado ós moluscos e outro adicado ós peixes, equivocámonos no plantexamento toda vez que si ben a estas mesas redondas trouxemos ás persoas máis significadas, máis cualificadas que na investigación pública e privada estaban traballando en Galicia naquel momento, e incluso de fora de Galicia, e demostrouse que non había dialogo entre estas persoas de un altísimo nivel e as persoas que asistían ós seminarios; entón este ano intentamos cambiar o enfoque no senso de que queremos facer unha cousa moi dinámica. Isto é unha proposta aberta, os organizadores dende este intre nos retiramos de todo tipo de protagonismo, tanto ós investigadores públicos como ós investigadores privados no senso de que nun ambiente moi sencillo, nada fastuoso, podamos sentar e intercambiar a problemática que temos en cada unha das empresas que están traballando e tratar de acercar a problemáticas das empresas á problemática dos equipos de investigación públicos que hai traballando neste momento, éste é o obxectivo.

O obxectivo fundamental é que poideramos estar sentados en pequenas reunións de 15-20 persóas arredor dunha mesa de traballo moderada por xente moi experta e poidamos discutir tranquilamente todo o tipo de problemas que a diario se nos presentan nas nosas plantas, nas nosas actividades, nas nosas empresas, digamos que ese é o obxectivo fundamental.

O porqué de celebrarse dentro destes días da Festa do Marisco hai que decilo. O Grove ten unha vella reivindicación, e isto hai que decilo sin acritude, sobor do Congreso estatal de acuicultura que nacéu aquí no Grove, e logo, por culpa probablemente do propio Grove, foise do Grove a Santiago, entón aquela xente que tivo a idea do Congreso ó principio e toda a xente que traballamos arredor do mar no Grove albergamos a vella esperanza de que poidamos traer ese Congreso outra vez para O Grove, entón a millor forma de plantearse que ese Congreso volva ó Grove é plantexando unha folga á xaponesa, traballando máis para que vexan que aquí podemos facelo, entón esta chamiña encendida destas xornadas ano tras ano para ver si no ano «x» o congreso volve ó Grove.

Para rematar, saben vostedes que a Festa do Marisco é a festa gastronómica máis vella que hai en tódolo territorio galego e a máis prestixiosa, enton pretendemos que vaia discorrendo hacia un discurso racional dos recursos mariños e que non se quede nuha simple festividade gastronómica onde a xente ven a comer, a pasalo ben, que haia un apartado, que é este que nos levamos por segundo ano e algún ano máis, con outras actividades para que a Festa teña un discurso técnico que a poida dotar dunha racionalidade, de futuro, porque a mera extracción, todos estamos dacordo, non ten ningún futuro.

Esto é pola parte do Grove, da empresa local, que cá Universidade intenta dinamizar estes seminarios.

Remato dicindo que de aquí sairá o que nos queiramos que saia, que é unha proposta honesta é aberta o debate, onde non queremos ningún tipo de protagonismo, soio que teña protagonismo a problemática que aquí xurda nun discurso cordial, non enfrentado e que sexa a Universidade galega a que colla a problemática que xurda e que sexa logo o Vicerrectorado de Investigación o que mova os temas que de aquí saian nas instancias que corresponda para que se teña en conta o que os técnicos e empresas que aquí asisten digan qué debe facerse.

Manuel Rey Méndez. (Vicerrector de Investigación, Universidade de Santiago).

Antes de nada quixera agradecerlle a Alfredo a bóa acollida que nos dispensa esta fermosa vila de O Grove e damos a todos vos a benvida a este II Seminario «Cultivando o Mar».

O interés da Universidade neste seminario é multiple, por unha banda, tentamos abrírnos máis ó mundo da acuicultura que tan importante é xa para Galicia e que o será moito máis no futuro. O mesmo tempo, escoitar ás empresas do sector e poñer á súa disposición a nosa labor de investigación na que queremos incorporar os problemas reais que existen co contacto directo que este marco nos vai a brindar.

Existe tradicionalmente un alonxamento entre a empresa e a Universidade, posiblemente por descoñecemento mútuo, aínda que nos últimos anos esto está cambiando. Penso que son dous mundos que están condenados a entenderse, temos que deixar os medos e os recelos e todos sairemos ganando. Pola nosa banda estamos dispostos a colaborar e penso que temos bastantes cousas que ofrecer para que a acuicultura siga progresando en Galicia.

Pasando xa o desenrolo deste II Seminario «Cultivando o Mar» temos que dicir que as enquisas que realizamos previamente a este encontro a numerosos grupos de investigación, representando a 200 investigadores, non soio da Universidade senón que tamén de outros organismos públicos de investigación, tivo unha resposta penso que razoable. Entre os problemas que plantexaron o de persoal é o máis importante. Outro dos puntos importantes é a receptividade nas empresas. Precisamente o que eu pensaba que ía a saír, o punto máis importante, a necesidade de cartos para investigar, somentes se plantexa nun 19% dos grupos.

Neste momento na Universidade de Santiago, o sector da acuicultura ocupa o segundo lugar dos recursos totales da Universidade en canto a investigación, tanto por proxectos como por contrato cun 19,09% do total. Concretamente en canto a cartos que hai en base a contratos con empresas, recursos mariños e acuicultura están en primeiro lugar cun 24,88% do total.

A acollida non foi tan boa nas empresas, pero os datos que sacamos das enquisas serviron para montar as mesas de traballo que hoxe e mañán vamos a facer, espero que do traballo que teñamos estes días xurda un mellor coñecemento dos problemas e saian proxectos de investigación conxunta entre empresas e organismos públicos de investigación.



**CULTIVO DE PEIXES EN GALICIA:
EMPRESA E CIENCIA**





CONFERENCIA: (10/10/90)

«PRIMEIRA EXPERIENCIA DE ENGORDE DE DOURADA EN GALICIA»

Jacobo Fernández Casal e Jorge Senén Barreiro.

RESUMEN: Durante os anos 1988, 1989 e 1990, levóuse a cabo unha experiencia de engorde de douradas (*Sparus aurata* L.) salvaxes en tanques na piscifactoría de cultivo de rodaballo INSUIÑA S:A., en O Grove (Pontevedra), utilizándose tanques de 4 m³ e de 20,25 m³, nos que se introduxo un total de 180 douradas procedentes da costa da península de O Grove.

A temperatura da auga oscilou entre 8,3oC e 25oC, os alevíns foron alimentados con peixe fresco (Bolo, Lirio, Xarda) obténdose ó finalda experiencia 162 individuos, cun peso aproximado de 550 g., tras un ano e 8 meses de engorde.

O índice medio de conversión foi de 18,6:1, a carga final de 4,75 Kgs/m³, a mortalidade foi dun 7,2% e a produción final de toda a experiencia foi de 95,150 Kgs.

INTRODUCCION

A dourada (*Sparus aurata* L.) é unha especie mediterráneo-atlántica que se estende dende Inglaterra ata as Illas Canarias, entrando nas costas galegas co comenzo das subidas das temperaturas, máis ou menos a finais de Abril e principios de Maio, sobre todo en zonas como a enseada do Bao en O Grove (SENEN 1985).

E unha especie que xunto cá Lubina (*Dicentrarchus labrax* L.), máis interés despertou no campo da acuicultura mariña nos países mediterráneos (España, Italia, Yugoslavia, Francia...). O seu interés radica en que ten un alto prezo no mercado, e a calidade da súa carne é moi apreciada nos países europeos, ademais do seu rápido crecemento (ORTEGA e ROS, 1973; ARIAS, 1980; PORTER, 1980).

No ano 1988, máis concretamente o día 27/09/88, deron comezo as experiencias de engorde de douradas salvaxes, na piscifactoría INSUIÑA S.A., os peixes mantivéronse durante un certo tempo xunto con Lubina e rodaballo, o estudo fíxose co fin de obter posibles reprodutores.

MATERIAL E METODOS

Para o presente traballo utilizáronse 2 tanques de 4 m³ e 20,25 m³, respectivamente, a renovación dos mesmos foi de 4,5 veces o seu caudal diario, a calidade da auga foi óptima, non sendo algúns temporais ocasionais que provocaron a turbidez da auga,

As douradas utilizadas proceden dunha pesquería levada a cabo na ensenada de O Bao en O Grove. O día 27/09/88, establéronse 180 douradas cun peso medio de 101 grs, en tanques de 4 m³, pasándose o 07/06/89 para tanques de 20,25 m³.

A alimentación foi manual ata o día 02/01/90, que se empezou a suministrar cun comedero automático de corredeira, da casa A.T.P. S.A., alimentándose «*ad libitum*» ó principio, para saber a cantidade de peixe que comían realmente, ata que se estandarizou.

A ración era dunha toma diaria, tamén se tuvo en conta a época do ano, xa que nas épocas frías do inverno baixa moito a apetencia pola comida, mentras que nas épocas cálidas aumentaba.

Para os «mostreos» utilizouse anestésico (Ms-222 SANDOZ) nunha concentración de 70 mg/l, durante 1 ou 2 minutosco que ó acabo estaban preparadas para a súa manipulación.

RECOLLEITA DE DATOS PARA O ESTUDO DE ENGORDE

Mediante mostreos periódicos, recolléronse os valores de talla e peso medio de aproximadamente o 12% dos exemplares do tanque. Para a talla tomouse a lonxitude á furca, utilizándose un ictiómetro, o peso cunha balanza OHAUS de 0,1 gr. de

precisión, realizándose cálculos para a obtención da talla e pesos medios, a desviación típica, varianza, a biomasa do lote, o índice de conversión e o incremento peso/día.

A secuencia de alimentación aplicada preséntase na táboa I.

TABOA I

Secuencia da alimentación do lote de douradas.

Intervalo tempo	Edade en días	Tipo de alimento	Alimento en % de biomasa	I.C.
27/09/88	-	Bolo,Lirio,Xarda	5,5	-
07/06/89	277	Xarda	5,5	12,40
02/11/89	420	Xarda	5,5	-
09/01/90	492	Xarda	1,3	7,09
09/02/90	523	Bolo	1,2	47,80
23/03/90	565	Bolo	1,7	10,30
09/05/90	612	Lirio	3,2	15,80

RESULTADOS

Os resultados dos mostreos recóllense na Táboa II, nela móstrase a talla e peso medio das douradas así coma a desviación típica e varianza.

O incremento en peso medio das douradas en 420 días foi de 283 grs.(desde 101 grs., a 384 grs.). Os resultados relativos ó engorde expóñense na Táboa III; nela recóllense os valores de biomasa, cantidade de alimento suministrado, porcentaxe de incremento peso/día, número de grs./día, acompañándose das condicións de estabulación correspondente a cada periodo (volumen, cargas e temperatura media).

A porcentaxe de incremento peso/día foi de 0,25, aínda que variou entre 0,16 e 0,43.

TABOIA II

Datos dos mostreos realizados no lote de douradas.

Data do mostreo	Nº total de peixes lote	Nº peixes mostreados	Talla X (cm)	Peso (grs)	\bar{X}	Var. σ
27/09/88	180	-	-	101	-	-
07/06/89	179	-	-	228	-	-
02/11/89	173	30	28,98	384	78,10	79,40
09/01/90	173	20	30,62	470	78,90	81,03
09/02/90	173	20	30,35	467	76,60	78,59
23/03/90	173	21	31,50	510	84,06	86,14
09/05/90	162	162	32,62	550	88,30	88,58

TABOIA III

Resumen dos datos de engorde obtidos no lote de douradas.

Días de engorde	Biomasa (Kgs)	Alimento total admin.(Kgs)	I.C.	Volumen (m3)	Cargas (Kgs/m3)	Tª X	Peso día	Nºgrs día
-	19,193	-	-	4	4,9	-	-	-
277	40,612	264	12,4	4	10,2	-	0,39	0,45
420	66,432	-	-	20	3,23	13,8	0,43	1,09
492	81,474	106,8	7,09	20	4,07	12,5	0,31	1,20
523	80,920	26,5	47,8	20	4,04	13,5	0,62	0,001
565	88,312	76,5	10,33	20	4,41	13,8	0,21	1,018
612	95,150	108,5	15,8	20	4,75	13,9	0,16	0,84

INDICE DE CONVERSION

Recóllense nas Táboas I e III cós demais datos relativos ó engorde, éste variou entre 7,09 e 47,83; éste último foi debido a unha gran baixada da temperatura, descendendo lixeramente o crecemento.

TEMPERATURA

Os datos preséntanse na Táboa IV.

TABOA IV

Datos das temperaturas tomadas nos tanques de douradas.

Intervalo en meses	Tª mínima	Tª máxima	Tª media
Octubre/88	13,8	18,1	15,5
Novembro	9,2	16,8	14,7
Nadal	8,5	14,1	11,6
Xaneiro/89	8,3	12,8	11,3
Febreiro	10,4	13,8	12,1
Marzal	12	16,2	13,9
Abril	11	18,5	14
Maio	16	21,5	18,7
Xuño	16	24,1	20,3
Xullo	18	24,3	21,4
Agosto	18	24,5	20,7
Setembro	15,5	20	17,8
Outubro	14	19	16,2
Novembro	12,5	17	14,3
Nadal	12,9	16	14,1
Xaneiro/90	10,8	15,2	12,6
Febreiro	11	14,7	13,2
Marzal	10	17	14
Abril	11,9	17,8	14

MORTALIDADE

A mortalidade ó longo de toda a experiencia foi dun 7,4% e un 2,77% foron para a degustación.

DISCUSION E CONCLUSIONS

ENGORDE

No período da experiencia (612 días), obtuvéronse exemplares adultos de 550 grs., a partires de 101 grs.

Os valores das temperaturas son bastante baixos nos meses de inverno, o que indica que nos periodos máis cálidos é cando a dourada experimenta un aumento de crecemento.

INDICE DE CONVERSION

As dietas empregadas que foron a base de peixes frescos, moi similares ó engorde do rodaballo, parecen adecuadas para un crecemento rápido; nembargantes o índice de conversión é elevado (entre 7,09 e 47,8).

MORTALIDADE

A mortalidade pódese dicir que foi prácticamente nula, non sendo algúns problemas de mostreo ou cambios bruscos de temperatura. Tamén parece ser que houbo algún erro de contaxe nos traslados dos tanques, polo tanto cicáis foran menos douradas das citadas, de todas as formas pensamos que si se poden cultivar douradas en Galicia.

AGRADACEMENTOS

Agradecemos a colaboura dos mariñeiros que fixeron as capturas, e o personal do Centro Experimental de Vilaxoan.

CONFERENCIA: (10/10/90)

**«SITUACION ACTUAL E FUTURA DOS CRIADEIROS
DE ESPECIES MARIÑAS»**

Fernando Molina (Tinamenor)

El punto de vista que voy a tratar yo desde aquí no es el de una hatchery y sus problemas internos, de los que podemos hablar luego con otras personas en las mesas redondas con más información de la que tengo yo. El punto de vista que a mí me interesa de los alevines es el abastecimiento, porque es la materia prima con la que trabajo, partiendo de esa base, no voy a hablar aquí del tipo de nutrición que darle a las larvas ni de ese tipo de problemas que es de actualidad y muy interesante, lo siento.

El problema que se presentaba al principio en el abastecimiento de alevines de rodaballo era la continuidad, el poder disponer periódicamente de unos lotes de peces que me asegurasen la materia prima para la granja. Eso actualmente se puede decir que está prácticamente solucionado, hay una oferta de alevines buena, entonces el siguiente paso, aparte de tener muchos alevines de golpe como es lo que está pasando, sería planificar la producción de la granja, eso tiene que hacerse a medias dentro de una granja entre la parte que se ocupe del mercado que me va a pedir más o menos producción en determinadas épocas del año probablemente y la parte del proveedor que es el abastecimiento de alevines. Normalmente tal y como estamos trabajando nosotros lo que nos hemos planteado es empezar con un aprovisionamiento de lotes igual durante todo el año, por ejemplo en base a unos estudios económicos y de producción cada tres meses recibir una parte de los alevines necesarios, ese tema, pensamos, está en vías de solución rápida.

El siguiente problema que se nos plantea, en cuanto a nuestra relación de granjas con hatcherys es la homogeneidad y la calidad de los peces. Pensamos que en este momento sí se puede empezar a trabajar en ese sentido, esto sería ya un punto bastante importante dentro de las hatcherys quizás más a cuidar que incluso pequeños detalles que a los especialistas les puedan parecer muy interesantes, a nosotros, a los granjeros por así llamarlo, lo que nos interesa es que los alevines que procedan de una hatchery determinada tengan siempre la misma calidad, estamos acostumbrados, hartos digamos, de hacer pruebas de alimentación, de vacunas, de enfermedades, de mil cosas, y bueno los resultados suelen ser siempre discutibles, generalmente yo lo achaco a un problema de que una hatchery unas veces te manda unos peces buenos, otras veces tienes que recurrir a comprar a otra hatchery que te

manda otros peces peores y otras veces vuelves a la misma hatchery que le habías hecho un primer pedido de peces buenos y te manda unos peces que claramente no son de la misma calidad. La calidad la definiría en base a varios puntos de vista, primero en el caso del rodaballo la pigmentación, todavía se sigue hablando de rodaballos albinos, es un tema que se puede tratar luego con los especialistas del tema, segundo, la resistencia de los peces a ciertas enfermedades, parece ser según las observaciones que tenemos, que en una granja donde hay peces de distinta procedencia, aparece un patógeno por cualquier circunstancia, los peces de una procedencia se ven afectados y los de otra procedencia no se ven afectados, normalmente lo que nosotros detectamos son problemas generalmente bacterianos, el origen real de estas patologías pudiera estar probablemente en la calidad de los peces de la hatchery. El punto tercero que es menos catastrófico, es el del crecimiento de los peces, normalmente un lote de peces cuando uno se dirige a una hatchery, tiene una dispersión interna en cuanto al crecimiento de los individuos bastante alta normalmente, incluso vas a una hatchery y compras un lote de peces que te sale con un crecimiento bastante bueno, en general, aunque haya dispersión interna, al cabo del tiempo vas a esa misma hatchery compras otro lote de peces y no sale tan bueno, crecen menos o sale mejor y crecen más, eso para la organización interna de una granja de engorde es un quebradero de cabeza, planificar una producción como es debido en base a un abastecimiento de peces de hatcherys de distinta procedencia y de la misma procedencia con distintos resultados.

Otro punto a garantizar por las hatcherys es la edad de los alevines, si los peces son del mismo tamaño pero no de la misma edad eso conlleva que estás comprando un lote de peces que no es homogéneo y crea unos problemas de dispersión que luego repercuten bastante en el manejo de la granja y por consecuencia en el precio, el manejo de los rodaballos es muy artesanal por ahora.

Las soluciones dentro de la hatchery pasan todas por el mismo punto: producir más cantidad de peces, afianzar la producción, en una palabra, y entonces poder seleccionar peces, seleccionar reproductores por un lado, este ya es problema de selección genética del que quizás estemos todavía un poco lejos, y el siguiente sería seleccionar la cría de esos peces, los alevines, antes que venderlos a cualquier granja, en ese sentido es clave producir mayor cantidad de alevines.

Quizás, la impresión que me está dando a mí de las hatcherys desde que estoy aquí en Galicia, que es poco tiempo, es que hay una buena oferta de alevines, pero quizá debería ser una oferta bastante más estrecha pero con una calidad bastante más garantizada y una homogeneidad en esa calidad también mucho más garantizada. Cuando eso sea así probablemente en las granjas de engorde podremos empezar a hablar de que tal alimentación me va mejor o peor, que tal año tuve tal patología y tal año no, y poder empezar a trabajar en serio.

La manera de resolver este tipo de problemas tiene dos puntos de vista :

- 1º. Hacerse su propia hatchery, quizás sin tener en cuenta un estudio económico realista sobre el tema .
- 2º. Tratar de buscar una hatchery que te dé un aprovisionamiento seguro de alevines.

Entonces viene el problema de que las hatcherys que hay y la mayoría de las hatchery que se van a construir en esta zona son para abastecimiento propio y luego si sobra para vender fuera.

La otra posibilidad es acudir al extranjero con problemas que van desde importar nuevas patologías hasta un precio de los alevines que todavía no he hablado dél.

Eso es principalmente por donde va la problemática de una granja que necesita alevines como necesita pienso, es un proveedor más. Como tal vendría la cuestión del precio de los alevines. En este momento el mercado del rodaballo todavía no está estabilizado ni mucho menos, esto probablemente a de repercutir en los costes de producción que habrá que ajustar bastante más, uno de esos costes es el tema de los alevines por supuesto.

Creo que se podría discutir aquí si realmente el esfuerzo de investigación que supone para una empresa que una hatchery propia funcione como es debido no debería estar más repartido probablemente con la Administración. En ese sentido estamos creando un mercado dependiente del exterior , quizás debería estar más asegurado la posibilidad de las granjas que no tengan hatchery. El asegurarlo dentro del sector probablemente debería intervenir más la Administración, porque aquí se está montando un capital inmovilizado, bastante importante en granjas de engorde y el resultado todavía no está claro desde varios puntos de vista de muchas de estas granjas. La otra posibilidad es dejar que el libre mercado lo decida, esto es un problema político también

MESA DE TRABALLO:(10/10/90)

«PATOLOXIA DOS CULTIVOS»

Coordinan: Alicia Estévez Toranzo, Manuel Aldegunde Villar (Universidade de Santiago) e Jacobo Fernández Casal (Insuiña)

Os estudos da patoloxía dos cultivos mariños en Galicia estiveron centrados no rodaballo, tratáronse tamén aspectos puntuais da patoloxía do salmón e da dourada, esta última de recente introducción en Galicia e con patoloxía aínda pouco clara.

Un problema importante, sobor de todo, en alevíns de rodaballo é a aparición de vibriosis, producida por *Vibrio anguillarum*. Esta enfermidade provocou no ano 1986 algúns danos nos cultivos do salmón.

Tanto en alevíns como en engorde, aparecen outras vibriosis con sintomatoloxía similar a *Vibrio anguillarum* pero provocadas por patóxenos variados. A súa incidencia vai en aumento dende o ano 1986, afectando a tódalas especies cultivadas. Exemplo de sintomatoloxía é a boca bermella que aparece nos individuos afectados, e que non debe ser confundida cá mesma sintomatoloxía que aparece no salmón.

Este patóxeno a pesar de responder a tratamentos con Tetraciclina en laboratorio, na práctica responde mal a estes tratamentos efectuados nas piscifactorías.

A distinción entre as vibriosis dos serotipos 1 e 2, aínda que non teña interés para as empresas, é fundamental para a aplicación de vacinas, así coma para a determinación de áreas de incidencia de cada serotipo. En Francia aparece o serotipo 1 mentras que nos países nórdicos aparece o 2, presentándose en España os dous serotipos. Isto pode dar idea, aínda que é discutible, da orixe das vibriosis importadas.

A Furunculosis non presenta problemas no cultivo de rodaballo, sí os presenta no do salmón en medio mariño.

Un problema que está a aumentar é o das Myxobacterias, de gran incidencia no ano 1989 no cultivo de rodaballo. Xeralmente encóntranse asociadas a outros problemas parasitarios.

De baixa incidencia pódese sinalar as enfermidades provocadas pola *Mycobacteria salmoninarum*.

No ano 1990 destaca a elevada incidencia de cocos Gram + que aparecen en controles rutinarios de peixes sanos. Os individuos afectados presentan os riles cunha elevada carga bacteriana, cuxa orixe é incerta, podéndose deber a infección á auga ou ó pienso en mal estado. Estes cocos non crecen en medios de cultivo convencionais.

No cultivo da Dourada, destacan os problemas orixinados polo virus da linfocistis, así coma os provocados por *Pasteurella*, coñecida xa de antergo nos cultivos de dourada no Mediterráneo. En Galicia é novedoso debido a que aquí é recente este cultivo. A sintomatoloxía preséntase externamente coma uns puntos hemorráxicos nas branquias e cabeza (pseudoturberculose), no ril e bazo aparecen zonas brancas tuberculares similares as provocadas por un vibrio. E ademais sensible a axentes vibriostáticos pero visto ó microscopio é inmóvil. En rodaballo *Pasteurella* é mais patóxena que *Vibrio*.

En canto as enfermidades virales a súa incidencia é baixa no caso do cultivo do rodaballo. E destacable a presenza de IPN que vai en aumento e cuxa orixe é problemática, discutíndose a posibilidade de que sexa importado ou nacional así coma o posible efecto de reservorio producido polos moluscos. Dende os anos 1987-1988, detectáronse casos esporádicos de Rotavirus afectando sobor de todo ó fígado de rodaballo con baixas pero contínuas mortandades que non volveron a aparecer. É necesario efectuar contróis para a prevención dun rexurdimento destes patóxenos que poden estar nun estado de latencia. O virus da Necrosis Eritrocítica, provoca, no caso de que a porcentaxe de eritrocitos infectados sexa elevada, unha anemia nos peixes .

Dos parásitos que aparecen en peixes destacan, dentro dos ciliados, *Tricodina* e *Cryptocarium*; dentro dos flaxelados, *Costia*; en canto os ectoparásitos aparecen *Microsporídios*, de gran incidencia, e *Myxosporídios*; hongos que poden aparecer son *Isocia* de alta incidencia e *Ictiozonos* de baixa incidencia; dentro dos Cestodos destaca *Bothryocéphalus* tanto en peixes salvaxes como en cultivo.

A problemática nos parásitos céntrase na avaliación da súa incidencia na mortandade, normalmente debe ser baixa, como caso excepcional citóuse unha elevada mortandade asociada a *Costia*.

Novos problemas patolóxicos, aínda sin resolver, que aparecen no cultivo de rodaballo, como úlceras ou espículas teñen unha orixe descoñecida. *Vibriosis* descoñecidas e hiperplasias son producidas por causas indeterminadas, así como tumores pancreáticos, bucales, musculares e nos ollos, todos eles sin un axente causal, vírico ou bacteriano aillado.

No cultivo do salmón existen problemas asociados a esmoltificación. Aparece cegueira relacionada cá osmoregulación e cá dieta, tamén existe un adelgazamento dos peixes alterándose a relación peso/talla, outro problema que aparece é a enfermidade do páncreas tamén de causa descoñecida.

Como liñas de investigación a potenciar, en canto a prevención e control, sinálanse as seguintes:

Relacionadas cá prevención :

- Desenrolo de novas vacinas e mellora das existentes, mellora do estado sanitario dos peixes durante o engorde.
- Estudos inmunolóxicos para coñecer a idade óptima de vacinación, é dicir, estudo da maduración do sistema inmunitario.
- Control dos movementos dos peixes no propio país e entre países, co obxectivo de non permitir a introducción de novas enfermidades.

En canto o control:

- Desenrolo de novos antibióticos que sexan rentables e efectivos en acuicultura.
- Relacionado co punto anterior, estudos de farmacocinética de absorción e eliminación de antibióticos para que os estudos in vitro sexan extrapolables ás piscifactorías.
- Desenrolo de métodos de diagnóstico rápido para as piscifactorías que leven acoplados antibióticos de uso en acuicultura, non de clínica humana.

De cara ós empresarios do sector sinálase a necesidade de que as asociacións presionen á Administración para formar un Laboratorio de diagnóstico donde estén implicadas a Consellería e a Universidade, aquí recopilaríase tódala a información de problemas do sector cara ó 93, ano no que estableceranse as zonas libres de enfermidades. Outras funcións a desempeñar por este laboratorio sería o control rutinario dos stocks e a expedición de certificados normalizados do estado sanitario dos peixes cunha metodoloxía estandarizada para tódala CEE , que servirían para esixir responsabilidades legáis.

E necesaria tamén a colaboura das empresas en conxunto para financiar liñas de investigación, de vacinas e antibióticos, donde existe sacrificio dos peixes.

De seguido, nesta mesa de traballo, coméntanse aspectos concretos dos temas xa citados ademáis de outros plantexados polos participantes na mesa. Despertou interese tódolo relacionado co estrés no cultivo de peixes, en especial o seu efecto sobre o sistema inmunitario. É importante a prevención de casos de estrés agudo que conducen a unha linfocitopenia, co consiguiente aumento de sensibilidade a enfermidades infecciosas.

Sinalóuse tamén a importancia de levar a cabo estudos de eficacia das vacinas en peixes sometidos a situacións estresantes, en relación con isto comentouse a dificultade de realizar as medidas de cortisol, como indicador de niveles de estrés, xa que o mesmo proceso de toma de mostras en unha situación estresante para os peixes.

Outros aspectos tratados son, a adición de vitaminas E e C suplementando a dieta, de cara á millora do sistema inmunitario, recomendándose así unha suplementación aínda maior no caso de peixes a vacinar.

Tamén relacionados coa vacinación, comentáronse os efectos de factores externos coma a temperatura. A unha elevada temperatura, por exemplo, desenróllase mellor o sistema inmunitario, cuestión a ter en conta para emprender unha vacinación.

Unha cuestión que surge a miúdo, é a relacionada coa falla de estudos farmacocinéticos, plantéxase como exemplo o caso da Tetraciclina que in vitro funciona e in vivo non. É importante tamén a millora no suministro de antibióticos, coma o uso de microcápsulas portadoras de antibióticos.

Comentouse tamén a variación na frecuencia de desparasitación, causada por un aumento do número de parasitismos, indicando o efecto positivo que poden ter medidas como o aumento no fluxo de auga cando existen problemas microbianos.

Como exemplo de caso de parasitismo, analizouse un caso de infección por Costia. Con este parásito non había problemas, pero según dunha información dunha piscifactoría, fai catro meses apareceu na totalidade dos seus tanques unha elevada mortandade que se asociou a Costia, logo de un tratamento con formol diminuíu radicalmente. A discusión deste caso centrouse en que normalmente as infeccións parasitarias non son produtoras de elevadas mortandades puntuais, éstas están asociadas a procesos catastróficos.

A propósito destes comentarios viuse a necesidade de establecer mecanismos de control, de aviso mútuo entre tódalas piscifactorías no caso de detección nalgunha delas dun axente patóxeno. Esta intención enfréntase cos intereses de mercado das empresas polos que se silencian os problemas e as mortandades. Ben coñecida é a

relación que existe entre o aumento do número de plantas cultivadoras e o aumento do número de enfermidades parasitarias transmitidas polo medio mariño; a calidade das augas vese afectada pola presenza das mesmas piscifactorías que actúan degradándoas. Neste senso destacouse a importancia da localización da planta, debido a que a renovación de auga é pequena, chegándose a rebombear a mesma auga cos parásitos, bacterias e virus que previamente se expulsan xa que sobreviven durante largo tempo nos sedimentos.

Outra vía de entrada de enfermidades é a importación. É necesario efectuar un forte control sobre os peixes importados; debe existir unha metodoloxía estandar eficaz para facer os análises dos certificados de tal maneira que as importacións acompañadas do seu certificado do estado sanitario, estén con alta fiabilidade completamente libres de calquera enfermidade.

É discutible o caso da importación dende países nórdicos de IPN, non se sabe con certeza si foi importado xa que os peixes diron positivos unha vez postos xa en contacto cá auga da piscifactoría e esta auga podía estar infectada xa co IPN. É difícil facer un control dos peixes importados previo ó seu contacto cá auga da planta.

Unha problemática solución a estes problemas orixinados pola importación sería a creación de criadeiras en Galicia, que abasteceran ás plantas de engorde.

Mentras siga a dependencia das importacións, é necesaria unha unión entre os cultivadores en torno a este problema para, na medida do posible, presionar ós suministradores e os responsables da importación de peixes enfermos. A situación deica agora era problemática xa que preocupaba máis conseguir cantidade que calidade, acualmente o suministro de alevíns sufríu unha notable mellora. Tamén é conveniente unha demanda ós criaderos de información de historial de enfermidades, tratamentos, etc.

Nesta mesa de traballo, foi xeral a opinión de que a iniciativa debería levala o sector, así acordouse celebrar unha reunión mensual do sector para comentar os problemas que xurdan, destas xuntanzas deberían saír propostas de investigación concretas para os investigadores.

A existencia dun Centro / Laboratorio planteouse como indispensable, nel levaríanse a cabo os análises rutinarios, certificados sanitarios, etc. ademais de recopilar información de forma ordenada acerca do sector.

Este Centro / Laboratorio debería permitir controlar a situación de ausencia de fronteiras sanitarias a partir do ano 1993, cando haberá que delimitar áreas libres de determinadas enfermidades.

MESA DE TRABAJO (10/X/90)

«CRIADEIROS»

Coordinan: Fernando Molina (Tinamenor), Ricardo Arnaiz (C.E. de Vilaxoan).

Ricardo Arnaiz, (C.E. de Vilaxoan).

Me ha tocado a mí de moderador de esta mesa, me parece que hay más gente de la que estaba apuntada.

En principio la idea es, ya que estamos reunidos aquí gente de la empresa, gente de la investigación, tratar de resumir puntos problemáticos en las hatcherys, concretamente de rodaballo e ir tomando punto por punto la problemática de cada uno en base a la experiencia que tenga.

Se me ocurre empezar por algo que al parecer en las empresas interesa bastante y es el nivel que existe actualmente de investigación pública aplicada a la problemática de las hatcherys, si este punto está cubierto suficientemente, incluso si existe o no.

En Vilaxoan tenemos actualmente un convenio de investigación I+D con la empresa INSUIÑA, financiado por el CEDETI en el que estamos trabajando actualmente en la calidad de las puestas de rodaballo. Atacamos este tema porque consideramos que era uno de los puntos que aparentemente podía tener mayor problemática, dado que las hatcherys tienen tan baja producción aquí en Galicia de alevines.

Yo en el tema de cómo se amortiza una piscifactoría no entraría porque no es lo mío, pero sé eso sí, que al rodaballo el sol directo le fastidia bastante, que en las piscinas crecen algas al sol, y que trabajar en una planta al aire libre es bastante duro desde luego y que muchas veces los peces llegan a quedar desatendidos por las condiciones climatológicas, porque es que hay días en los que es practicamente imposible salir a hacer algo a una piscina, mientras te está pegando una surada impresionante con lluvia.

Siempre hay que estudiar si es viable el proyecto, a lo mejor queremos hacer una piscifactoría de lujo y los números no salen, no es viable, no puede dar dinero, entonces tenemos que aguantarnos y pensar en otra solución más barata.

El planteamiento que se hizo hace tiempo con los precios del rodaballo muy buenos en el mercado, quizás no sea el mismo que en este momento con los precios tambaleándose.

¿...?

Sempre hai que manexar unha serie de parámetros, principalmente, a nivel topográfico, son distancia da beiramar, pendientes que hai que salvar, aínda que este moi perto da beiramar pois hai que bombear grandes alturas, ésta é a primeira variable que hai que manexar, distancia á auga do mar, que interesa que esté o máis cerca posible.

Logo está outro parámetro de diseño que é a propiedade da terra, o conseguir a terra, que tipo de terreo, porque o millor é un terreo que despois resula ser fango, e que logo hai que gastar moito para facer unhas piscinas sólidas.

Otro problema relacionado có terreo é o aproveitamento de querer facer o terreo, é dicir, si dispoñemos de terreo abundante con claridade para facer piscinas a ceo aberto ou realmente temos pouco terreo e queremos aproveitar dobre espacio, facer modulos posiblemente ampliables, dimensionar un depósito que sexa logo aplicable a outras ampliacións, é dicir a primeira inversión, canto estamos dispostos a meter na primeira inversión e canto estamos dispostos a ir amortizando co tempo, son problemas de facer depósitos bos, sólidos, que poidan servir para posibles ampliacións.

¿...?

Me gustaría plantear la pregunta de si hay algún estudio del efecto de los rayos solares y de los agentes atmosféricos sobre rodaballos que están en una altura de agua no mayor de 80 cm., cómo afectan esa variaciones de luz, o de sol al crecimiento, al índice de conversión y a todo lo demás, o sea haciendo abstracción de que te cueste más o menos alimentarlos, porque yo no he perdido de vista que tarde o temprano habrá que alimentarlos con pienso seco, entonces todos esos problemas de gente carreando por las piscinas han de suprimirse, pero si me preguntaría eso, si el sol más o menos fuerte, o un temporal o cualquier elemento que anda por ahí suelto te afecta al crecimiento del rodaballo, tus cuentas no te van a salir nunca.

¿...?

Yo no conozco el tema, pero estoy oyendo hablar en el sentido que una instalación más económica, luego puede tener unos costes más elevados, porque si

hay problemas de temporal te afecta a toda la instalación, si hay problemas del sol que afecta a los peces, puede que el desarrollo y la productividad sea inferior, si hay un problema de algas hay un trabajo ahí que realizar, que hay que tener unos operarios trabajando con una cierta permanencia, que hay una serie de costes de explotación que normalmente una instalación a cielo cubierto no tiene. La instalación cubierta desde el punto de vista sanitario de las personas que están trabajando ahí, es más sano que una persona que está trabajando con frecuencia al aire libre, sobre todo en Galicia que llueve bastante, y que a veces es obligado tener encima cierto grado de humedad.

Pienso que la solución racional está en ver cuál es mayor. la inversión a largo plazo, o coste financiero, o com se le quiera llamar, de una u otra forma y una vez analizado éste, tomar la decisión. Ahora bien si hay un señor que quiere hacer una experiencia que a lo mejor no sabe lo que va a durar, y claro, piensa que va a durar poco, lógicamente de entrada irá a la solución más económica.

¿...?

Te puedes encontrar con dos tipos de empresarios, el empresario de verdad que se las piensa todas y el que se llamó en el congreso advenedizo al sector, que va a chupar la inversión, va a amortizar la inversión que haya echo y se va a dar el piro.

¿...?

Yo con este tipo no contaría a la hora de hacer un proyecto serio de futuro.

¿...?

Es lo que decía Alfredo cuando ha nombrado dos empresas fuertes y serias, con una tecnología teóricamente válida detrás y que van por ese camino de la inversión más débil. lo que no se es si hay un estudio económico detrás de esto, un planteamiento de ventajas , inconvenientes, etc.

¿...?

Parece que hay una alternativa, parece que de explotación más cómoda, más económica, que es la explotación a cielo abierto y luego hay otra que tiene una serie

de impactos de coste, por eso la solución racional es comparar los costes a cielo abierto con los de construcción, yo no sé si esto se hace.

¿...?

Si es posible, a lo mejor, que haya quién se plantee el decir, vamos a ver que pasa y si es mejor ir a cielo cubierto luego cubran, si las cosas le funcionan.

Alfredo Fernández Prieto.

Para pasar a comentar outro tema, podíamos pasar á cuestión de tanques, a cuestión de conduccións, e a previsión de crecemento.

Na cuestión de tanques tamén hay moita discusión, tanques máis ou menos profundos, si tanques cuadrados, rectangulares, redondos.... Nos particularmente opinamos que a mellor solución son tanques entre 80 cm. e 1 m. de alto, tanques auto-limpiables, ésto é clave, si eso se soluciona con tanques redondos e permítese esa pérdida de espacio facéndoos redondos, estupendo, si non permiten as características do terreo, como decía Alonso, perder tanto espacio, parece que todos nos inclinamos polos cuadrángos, tanques quadrados cás esquinas matadas, depois hai outra experiencia de tanque Barrows que é rectangular con circulación lateral e parece ser que hai un estudo feito por unha inxenería noruega de un tanque super que están aplicando na granxa Atlantica de Couso, un tanque novo que lle estudaron para eles.

Alfredo Fernández Prieto.

Outra cousa con respecto ós tanques que tamén axudamos nos no traballo, que en principio se desatendéu bastante, e que agora estase atendendo máis, era a relación de nivel entre o traballador e o tanque, e unha cousa que nos agora modificamos bastante, procurar que o traballador sexa operativo ou biólogo que teña un plano bastante alto con respecto ó tanque.

Eu vin a instalación de PRM neste vran e vin biólogos qu tiñan posto un traxe hasta arriba para traballar dentro dos tanques para ver si había peixes mortos, si eso hai que facelo nunha instalación con 200 tanques..., Dios nos pille confesados.

Fernando Molina.

Es lógico, si tu miras la superficie del agua desde poca altura, por la reflexión de la luz, lo único que ves son reflejos, no ves lo que hay dentro. Hay que tratar siempre de que la piscina tenga un punto de vista cómodo, otra cosa es cómo conseguir eso, si cuesta más dinero.

Alfredo Fernández Prieto.

O sorprendente é que as plantas que se están construíndo con inxenierías que son supostamente punteiras no mercado, e penas que es tí o equivocado, en INSUAMAR os tanques siguen sendo os tanques clásicos.(...)

No tema das conducción tamen hai un vello debate entre si as conduccións son en tubo pechado ou en canal aberto. Aquí tamén hay teorías para dar e tomar, Hai xente que prefire canal aberto, outra xente prefire tubería cerrada. O canal aberto ten unhas ventaxas e ten os seus inconvenientes e o mesmo a tubería. Persoalmente eu inclínome máis por tuberías pechadas que por canal aberto, aínda que o canal aberto é moi fácil de limpiar, o que pasa que a hora dos aforros, dos que logo falaremos, é máis difícil aforrar auga en canal aberto que en tubería pechada e por outro lado a suposta facilidade de limpeza que pode presentar o canal aberto, si a planta en cuestión está ben deseñada en sentido lineal e en sentido angular, cruzándose como é debido as conduccións, a tubería pechada non da grandes problemas de limpeza.

¿...?

Si como dices la planta está bien diseñada es preferible la tubería cerrada. Ha habido serios errores en la construcción de canales que han repisado, que han quebrado, con pérdidas de flujo que son realmente difíciles de evitar, porque toda la porquería se acumula en un sitio.

La regulación del nivel de agua, hoy no creo que fuera un mayor problema siempre que se usaran bombas de caudal variable. En definitiva prefiero tubería, redonda, ovalada, como sea, pero tubo cerrado.

Alfredo Fernández Prieto.

A cuestión das ampliacións tamén é unha cuestión moi importante a ter en conta, porque este tipo de plantas normalmente nunca se diseña cá capacidade final, sempre se diseña de cara a unha instalación inmediata.

¿...?

(...) Pero lo que no entiendo es que hay una serie de detalles como los bombeos primarios, bombeo principal, o sea que quede insuficiente al cabo de un año o año y medio, sabiéndose desde el principio que los canales sean de formato pequeño para los flujos que los biólogos necesitan, todas esas cosas que no me caben en la cabeza, la única explicación que entiendo es que el ingeniero proyectista, una de dos, o no se asesora o no le interesa la opinión de los demás. Encuentras líos de estos, que quieres ampliar y no tienes capacidad suficiente.

Alfredo Fernández Prieto.

¿A Granxa Atlántica de Couso ten resolto tódalas ampliacións, está ven planteada.?

¿...?

Hasta ahora si, en realidad no le cabe mucho más, le pasa lo de siempre, tú conoces el sitio, es monte, si quieres ampliar tienes que seguir tirando monte abajo, llegará un momento en que le saldrá más rentable irse a otro sitio. Llega un momento que entiendo incluso que las capacidades de bombeo llegan a unos límites que necesariamente implican su desdoble, o sea, no seguir acumulando bombas en el mismo pozo de bombeo. La economía de escala tiene un tope, saber dónde está es ya más difícil.

Hace un rato estábamos hablando de granja grande si o no, yo creo que una granja pequeña de 30-40 toneladas es perfectamente viable siempre que el estudio de proyecto sea echo con un poco de lógica y sentido común, ahora, si lo que se quiere es hacer una construcción de lujo o con una serie de cosas supérfluas pues no cabe duda de que el kilo de rodaballo va a salir antieconómico.

Fernando Molina.

La cuestión de los pequeños negocios es no permitirse perder perder mucho dinero durante varios años simplemente para aguantar. En cambio empresas muy grandes, muy fuertes, probablemente si pueden capear un mal año y durante ese mal año caen varios y ellos al final del año siguen. O sea, la granja pequeña tiene la ventaja de que probablemente sus dueños son sus empleados, con lo cual la mano de obra

la reducen hasta límites bajísimos, incluso trabajan un montón de horas porque probablemente están todo el día allí metidos, como pasa en un comercio pequeñito en el que el dueño vive en la trastienda, pero a la hora de entrar en un competencia dura con el mercado, yo creo que es difícil.

Alfredo Fernández Prieto.

Eu non quería centrar o debate neste aspecto económico-comercial, pero non che parece curioso que a hora dos primeiros que se poñen nerviosos e empezan a tirar os precios son os grandes, non os pequenos.

Fernando Molina.

Si, es un detalle bien curioso, pero una vez que se ha entrado en esta dinámica, quién aguantará mejor.

Alfredo Fernández Prieto.

O outro día no Congreso, Colomer decía, e estou dacordo neso, debe ser a única cousa na que estou dacordo con él, que é un problema de especialización do produto final, de que o problema non vai a estar no tamaño da granxa, senón que vai estar en qué tipo de produto fai cada granxa, falando incluso de rodaballo, cá é ese nicho económico que busca cada un dos tamaños de planta.

Si ti fas un produto ben posicionado e buscas o teu sitio, non te complicas a vida, por exemplo o noso caso, nos xamáis quixemos ir a grandes superficies, refírome a que nunca quixemos meter peixe en Alcampo, Continente, ..., nos collimos outra dinámica, e esta dinámica que nos temos, permítenos estar vendendo a frioleira de centos e centos de pesetas, e vendendo ben, cando outros, con outros esquemas xa están baixando os precios.

Eu creo que outra cousa que podo dicer, cicais soe novedoso, é que notamos no noso grupo que canto máis pequena é a planta mellor peixe fai, nestes momentos hai socios nosos, e o digo públicamente, que fan mellor pescado que nos, é curioso. O sexa que esa suposta tecnoloxía punteira que teñen, os grandes equipos..., na practica, o que eu vin deica agora, que fai mellor peixe a pequena que a grande.

Alfredo Fernández Prieto.

Outra cuestión que podo dicir e que o mercado onde vas a ir. Por exemplo en España o mercado penetrado, o mercado posible, por o rodaballo pode ser o 0,0001% dentro da restauración por exemplo, ou da hostelería, que en definitiva é o cliente final, o que pasa é que eu o plantearía en outros termos, qué é máis doado de vender unha tonelada nun merca tirando o precio ou colocar ben o produto a base de 200 clientes. Eso e o que trae por consiguiente é que plantas que non levan nin seis meses no mercado están para votarse a temblar.

¿...?

(...), pero esa pequena te compensa el esfuerzo de colocar esa tonelada a un precio decente, el otro que tenga que colocar 10 o 15 veces más a hacer 10 o 15 veces ese esfuerzo no lo compensa.

Alfredo Fernández Prieto.

Pero ahí si que hai economía de escala en termo comercial que non che costa 20 veces máis comercialmente. Un bon equipo comercial, unha vez que alcanzóu o óptimo rendemento de traballo, non de vendas, non tes que incremetar dúas toneladas máis, non é así: a mín semelloume moi suxerente o que dixo Juancho de que o tema das economías de mercado a veces fallan.

Si vos parece, pasamos a outro tema dentro do que vimos falando e creo que se poden tocar xuntos, nas enquisas falaba a xente moito de aforro enerxético e de bombeos, estas cousas van moi ligadas.

Nos aforros enerxéticos eu creo que estamos en mantillas, neste momento as plantas que estamos a traballar, na realidade todos empezamos a traballar alegremente no tema da enerxía, tódolo mundo lle tiña medo pero tódolo mundo tiróu para adiante con bombas o co que fora. eu creo que vai sendo hora de que se empeze a plantear seriamente o tema de aforro enerxético.

Eu non son deses da opinión superpesimista de que a enerxía é moi cara ..., simplemente non son desa opinión porque cando nas diversas fases que pasamos nos, que nos pudo dar tempo para reflexionar e traballar ben, porque como nos estabamos o principio nun periodo de cremento contínuo absolutamente irracional pois non che da tempo a pensar moi ben, pero cando hubo tempos en que pudeches

parar e aplicarte con detenemento a cuestión de aforrar enerxía e de manexar como Diós manda a auga e os peixes, eu creo que a factura enerxética pódese baixar de forma relativamente doada e importante. Eu diría ademáis, e porque está no ambiente, a xente pensa, non é o que penso eu, eu tamén o penso pero non así tan irreflexivamente, que a enerxía é extraordinariamente cara, que non hai demasiado servizo en determinados momentos e que o sector non esta nada informado das posibilidades de tarifas e as posibilidades, de facturación.

Por exemplo, pregúntome si ven de unha tarifa de FENOSA, eu me apuntaría rapidamente a ese aspecto, que é riegos agrícolas, ten unha tarifa preferentísima con respecto a tarifa que nos temos neste momento, que estamos pagando. No sector hai unha gran inquietude neste momento. Non sei si tendes vos algunha idea do volumen de pesetas que podemos estar movendo nos en total.

Vos pode dar un dato, non é exactamente o noso, pero é un dato que anda por ahí, hay empresas que poden andar facilmente entre 150 e 200 pesetas por kilo de rodaballo producido, solo para a enerxía.

Os aforros enerxéticos, eu penso que teñen que vir, primeiro pola millor xestión dos bombeos, segundo, por unha millor aplicación das tarifas, por un estudo máis profundo das tarifas, e ver que posibilidades hai de rabuñar certos puntos nas tarifas, e logo aplicando alternativas como pode ser a aireación ou a sobreoxinación.

Fernando Molina.

Hay una cosa más, en el diseño propio de la instalación, hay que tener en cuenta eso, buscar esa poca altura sobre el nivel del mar, si no encuentras un lugar a poca altura y te lo tienes que fabricar a base de dinamita, calcular cuánto te va a costar hacer ese agujero y cuánto te va a costar no hacerlo o hacerlo menos profundo.

¿...?

Eso é incidir no que falábamos antes do tema de estudo previo o diseño. Non pode haber un modelo único porque cada planta que se diseña, é un modelo distinto, o sexa, unha está a unha cota de 10 metros do nivel do mar e outra está casi máis baixo co nivel do mar. Depende da situación, das mareas....

Eu penso que o tema de aforro enerxético vai por ahí, por aproveitar o espacio intermareal, que as augas tamén poden vir por gravidade. O tema vai por ahí, acercar

a auga do mar ó sitio de produción, en cada caso concreto e aplicarlle a metodoloxía porque hai moitos estudos previos feitos sobor dese tema.

Alfredo Fernández Prieto.

¿Realmente, é enerxéticamente rentable, por exemplo, enterrar un emisario de un 80 de diámetro a cota -1, -2, facer esa enxienería e logo bombear a tres ou catro pisos de altura?. ¿E máis rentable esa solución ou a solución tradicional de ir buscar a auga, en alturas razoables evidentemente, a donde está, movéndonos na altura dun orde de 10, 12 metros?.

¿Cál é máis rentable enerxéticamente a larga, a solución esa de inxienería ou ir a buscar a auga a donde esté?.

Fernando Molina.

Yo voy un poco a lo de siempre, la solución de poner una bomba con un tubo de aspiración y todo esto, eso cuesta cuatro duros instalarlo, ahora, probablemente a la larga si se quiere un proyecto a largo plazo, probablemente valga la pena hacer un sistema más seguro, con una obra de ingeniería bastante cara, que a lo mejor es lo más importante de toda la instalación.

¿...?

Los únicos ahorros que puede haber están en eso que estáis comentando, la forma de captar el agua, los desniveles, posiblemente los tipos de bombas..., es en todo esto donde pueden haber ahorros importantes, en otros temas no porque simplemente un concepto de tarifa, es cuestión de elegir la tarifa que sea más adecuada al caso, tampoco se puede decir que exista una receta, cada explotación tiene unas características concretas. El mundo de las tarifas es bastante grande y complejo, según las características de la explotación, de usuario de la energía, le va una tarifa u otra y a lo mejor hay incluso un señor que en un momento le va una tarifa y luego cambia ligeramente de forma de proceder y automáticamente esa tarifa no le sirve y le conviene otra, no es la cosa tan sencilla como parece.

Desde este punto de vista lo que quizás procede es que cada señor exponga cuáles son las características de su explotación, a qué horas utiliza la energía, cómo la utiliza, si puntualmente o con continuidad, a qué tensión la utiliza, qué potencias

solicita, y conjugando todo esto, al final se llega a que con estas características, la tarifa completa es esta. Es una especie de receta a medida para cada usuario concreto, porque las tarifas son muy variadas para cada tipo de funcionamiento.

Hay una serie de tarifas que, por los motivos políticos que sean, tienen unos precios más económicos, por ejemplo la de riegos y para usos de baja potencia, las tarifas de noche. Pero en concreto la tarifa de riegos, efectivamente es una tarifa con precio bastante especial, pero yo entiendo que es una tarifa muy política, que se trata con ella de prestar una ayuda al agricultor, porque se considera que es un sector deprimido, con problemas. Esto no lo tiene solo el tema de la energía eléctrica, esto lo tiene también el gasóleo, es decir son consideraciones económicas hacia este sector.

Que el sector de la explotación piscícola pudiese tener una tarifa especial, yo no digo que no, sería cuestión de plantearla políticamente y los responsables políticos tendrían que definirse en ese tema y haber lo que acordarían, lo que pasa es que éste es un sector tan reciente, tan nuevo, que a lo mejor ni se plantearon que existía. Es cierto que es un sector que si bien cualitativamente es importante, cuantitativamente no se puede comparar al agrícola, desde mi punto de vista, ni cuantitativo ni político, entonces pienso que va a haber una presión superior para hacer un esfuerzo hacia un problema agrícola que no hacia un problema de este tipo, aunque pienso que es planteable como cualquier cosa que sea medianamente razonable.

¿...?

Nosotros nos brindamos individualmente a cada cliente en función de las necesidades que nos aporte, o digamos, de cómo está utilizando la energía, el estudiar y decir que nosotros creemos que el tema va para adelante ¿...?, concretamente hoy me he tomado la libertad de estar analizando consumos y precios medios de Kw/h de distintas explotaciones de este tipo y hay unas pequeñas diferencias que pueden ser significativas, dado que algunas llegan a facturar cantidades importantes a final de mes, desde ese punto de vista es donde nosotros si podemos ir colaborando con este tipo de explotaciones. El precio de Kw/h está moviendose dentro de unos mismos niveles, ya independientemente de que para la misma producción, para la misma capacidad de producción de un determinado producto, el coste tenga un precio u otro, porque claro ahí están interviniendo otra serie de factores como el bombeo y toda esa serie de circunstancias, ahora lo que si es el precio del Kw/h medio debía de estar dentro de límites y ahí es donde quizás podemos colaborar en el sentido de que para unas explotaciones no muy grandes, que se puedan permitir el lujo de tener técnicos que analizen mes a mes todas las tarifas. Nosotros tampoco estamos desde lugo en

disposición de estar analizando mes a mes todas las tarifas de todos nuestros clientes, pero si que nos brindamos a analizar para un cliente determinado la tarifa que más acorde a sus necesidades, en función de lo que está produciendo.

Fernando Molina.

Otra cuestión relacionada con la energía, aunque no sea directamente para el consumo, es la propia instalación eléctrica, por si alguno no está en tema, las granjas marinas se suelen hacer en lugares apartados, a la orilla del mar, donde el terreno es barato, normalmente zonas poco pobladas y a la hora de elegir un lugar, una de las cosas que hay que tener en cuenta es a qué distancia estamos de un tendido eléctrico, normalmente de alta tensión, para traer la electricidad hasta la piscifactoría, eso puede costar muchos millones de pesetas, es una cosa que no se puede olvidar, normalmente ese dinero hay que gastárselo, si buscamos una instalación que esté cerca de este tendido pues también es una manera de ahorrar.

Es un factor a tener en cuenta con toda seguridad a la hora de buscar un lugar para hacer una granja marina, qué es lo que te va a costar hacer un camino hasta llegar allí y traer la electricidad, es digno de rechazar algún lugar, simplemente por eso, por la distancia desde la que hay que traer el tendido eléctrico.

Alfredo Fernández Prieto .

Có tema da sobreesaturación do osíxeno, nos empezamos fai pouco tempo, e non podo dar-vos dato resultantes confirmados.

Nos intentamos, xa fai anos, meter osíxeno directamente ó canle, á tubería. O primeiro intento que fixemos foi meter osíxeno directamente ás tuberías, esto deixámolo fai bastantes anos porque non había dilución. O problema do osíxeno na auga é facer a dilución eficaz e correcta, entón o osíxeno metíamolo nun tubo e iba en globas polo tubo arriba e chegaba a primeira válvula, saía para afora..., esto solucionouse, eu o único sistema que coñezo teno unha empresa de Euskadi que se chama ACUITEC en colaboura con ARGON.

Nos temos un dato incipiente de que se poden aforrar en pesetas un 40%.

Tamén ten os seus inconvenientes. Nos témolo montado pero pasa unha cousa, hai que bombear exactamente 600 Ton. de auga /h., entón si non tes o equipo de bombeo moi afinado, e deica agora ningún dos equipos de bombeo cumpriu

os requisitos por os que están diseñados, teñen diferencias considerables, entón aínda non podemos chegar deica o óptimo, é dicir neste momento con esta bomba bombeamos 600 Ton./h. e o resto o fai a sobresaturación, entón como eso aínda non o podemos facer, andamos un pouco de saltimbanquis, probamos un pouco e vai ben, logo hai que cambiar ó cabo dun mes ou quince días. Logo ten un problema moi gordo, precisamente como estás traballando con menor cantidade de auga ó menor fallo do equipo de sobresaturación pódete provocar unha catástrofe, porque si necesitas mil e pico de toneladas de auga e estás bombeando soio 600 e o resto de ppm. está-las dando vía osíxeno do equipo. Un fallo nunha bomba detéctase rápido, un fallo de alimentación de osíxeno non se detecta tan rápido, o osíxeno non o ves e a auga sí. A solución que sempre che din que é tan barata, o fina se vai encarecendo, hai que por un osímetro de lectura contínua nun punto finalista da instalación.

¿...?

Yo lo planteaba porque parece que hay un ahorro energético grande y por otro lado porque aplicándolo al salmón aparte de esa ventaja tienen otra accesoria que es una aceleración en el crecimiento de los bichos, lo cual es una ventaja adicional. Yo no sé de nadie que haya echo aquí algo, salvo vosotros. Yo cuando me enteré de esto me llamó mucho la atención porque además incluso llegaban a trabajar a concentraciones de 250%.

Alfredo Fernández Prieto.

Incluso hai outra historia, recordo unha convención de ALFANAVAL en Madrid, donde un danés dixo que o factor limitante nos cultivos non era a temperatura sinón que era o contido de osíxeno, os sabios rasgábanse as vestiduras, é parece que é certo, que o factor limitante sí é a temperatura pero si hay sobresaturación. Parece ser según os nosos datos incipientes, ten algunhas complicacións, por exemplo o persóal que queda de noite, de fin de semán, non é forzósamente un experto nun osímetro, deica agora a xente que nos tñamos traballando máis ou menos xa fumos especializando en bombas..., e esto é un cousa nova que hai que ensinar o que é, como se limpa o osímetro. Alí na empresa tode o mundo sabe calibrar un osímetro pero non todo o mundo o millor sabe limpar unha membrana e cóllete un día do vran no que che falla o equipo do osíxeno e pode facerche maravillas.

¿...?

¿Pode o osíxeno afectar á calidade do produto?.

¿...?

En principio, ellos dicen que no. Es más en esta granja que decía yo, de engorde de salmón, va previsto una torre de oxígeno de no sé cuántos metros cúbico..., se planteaban si fabricar ellos el oxígeno, pero parecía ser según un estudio que realizaron que les era más rentable el suministro con un cisterna de unos 40 m³/día.

Alfredo Fernández Prieto.

No tema da calidade do produto do rodaballo, opino que os animais van a perder sabor en función do que coman, non é problema de máis ou menos osíxeno porque o problema é que o rodaballo tal como o estamos cultivando nos xa ten un crecemento máis rápido do normal. Tódalas catas cegas que se fixeron deica agora non deron un resultado negativo, incluso hai datos de que neste tipo de catas destaca o peixe cultivado.

Podemos entra xa a falar do derradeiro punto, a alimentación.

Creo que o que é fundamental no sabor do rodaballo, é a alimentación. Si se alimenta con alimento natural ou se alimenta con pienso.

Nos somos partidarios da alimentación con alimento natural. Este tipo de alimentación ten moitos inconvenientes, o alimento natural é inestable nas súas características organolépticas, na provisión, no precio, hai que conxelalo, hai que desconxelalo, hai que manipulalo, é moito máis caro dar de comer manualmente peixe que dar de comer manualmente pienso. O que pasa é que nos como lle temos tanto medo o tema da calidade, que loxicamente vai relacionado co tema do precio, alimentamos con comida natural. Hai outros investigadores e outras empresas que teñen resultados francamente moi bos co pienso.

Fernando Molina.

Yo no he podido hacer pruebas organolépticas tan finas en ese sentido para distinguir uno alimentado con piensos o con pescados, pero en cualquier caso siempre cabe una posibilidad intermedia que es darle un acabado al producto durante el último mes de vida del animal, no se si un mes será suficiente o quizás quince días o dos meses. Siempre se pueden buscar soluciones para conseguir una calidad sin tener que esforzarse tanto, lo que pasa es que esas soluciones pasan por un trabajo de investigar un poco.

Alfredo Fernández Prieto.

No se si esta es una pregunta demasiado directa, pero tu historia profesional, tu trabajaste en una planta que alimentaba con pescado y creo que ahora alimentáis con pienso, entonces, ¿ tú encuentras alguna diferencia?.

Fernando Molina.

Mi paladar no llega a tanto..., y no me he entretenido en organizar ese tipo de catas pero creo que si que puede haber esa diferencia.


Alfredo Fernández Prieto.

Tú qué piensas, que el futuro va o debe ir a conservar pescado natural o irremediablemente como decía Juan Somme, tenemos que ir a pienso seco todos.

Fernando Molina.

Quizás una granja pequeña pueda ocuparse de la calidad mucho mejor que una granja grande que se podía encargar del precio. Está claro que una cosa echa en grandes cantidades es mucho más difícil darle un acabado final bueno que a una cosa echa de una forma más artesanal, eso podría llegar a ser dos mercados diferentes, uno de cantidad y otro de calidad. Yo he tenido rodaballos alimentados con dieta húmeda, semihúmeda y seca y bueno..., mi paladar no está muy educado en este sentido, es probable, en otros animales pasa.

**CULTIVO DE CRUSTACEOS E
MOLUSCOS EN GALICIA:
EMPRESA E CIENCIA**





CONFERENCIA : (11/10/1990)

«CULTIVOS MARIÑOS E COMERCIALIZACION»

M^a. do Carmo García Negro.

O primeiro que chama a atención a un economista cando se dirixe a realizar un estudo dos problemas da acuicultura desde a perspectiva económica é a case total ausencia, sobor de todo en conta a capacidade productiva que ten a nosa nación, de estudos e traballos especializados nos aspectos de dirección do que aquí se produz de cara ó mercado; e isto é máis chamativo cando desde o punto de vista da produción científica químico-biolóxica si son moi abundantes. Sin embargo na perspectiva dun economista, dun científico do social, que é o que somos os economistas, o aspecto económico, o estudo do que nos chamamos produción tería que incluír á forza estes dous subaspectos que parecen tan disgregados, o estudo da capacidade productiva, é dicer da capacidade de extracción, de cultivo, de transformación, de procesos industriais, co estudo da comercialización ate chegar ó consumidor. Dase o caso de que na economía galega temos unha capacidade, no senso tanto extractivo coma de cultivo, impresionante. Coma ben sabemos soio no caso do mexilón, representa o 43% de toda a produción mundial. Sin embargo esa capacidade , xa non de control, senon sequera de coñecemento do que lle pasa ó produto extraído na nosa nación desde que sae do medio mariño, é caseque nula.

Antes de empezar comentaba cunha persoa, que está presente na sala, ben coñecida miña noutras loitas , noutras guerras, que estabamos cáseque igual que no ano 1978, a este respecto. Aumentóu moitísimo a produción, introducíronse novas e moi favorables especies na acuicultura e sen embargo é certo que aínda se pode dicer que o mariñeiro galego, neste caso o acuicultor, cáseque perde de vista o

producto dende lle sae das mans, a partir dese momento descoñece o que lle sucede, e a súa posibilidade de control do mercado é absolutamente, ou casi absolutamente nula.

De tódalas maneiras convén diferenciar dous aspectos cando falemos de comercialización: un é aquel que poderíamos chamar microeconómico é o que se refire exclusivamente á capacidade organizativa da empresa, para saber colocar ben o seu produto no mercado. Isto é toda unha rama, unha especialidade da que non vou a tratar, aínda que creo que sería moi interesante desde a perspectiva, tanto dos propios produtores coma dos interesados e estudosos do suxeito analizado. Pero repito que sería unha rama de especialistas da que eu podo coñecer algún aspecto referido ós aspectos da competencia monopolística pero non desde a perspectiva interna da empresa.

O outro aspecto, ao falar da comercialización, sería o estudo do mercado dende a perspectiva do seu desenvolvemento no momento actual, é esa perspectiva a que eu trataréi de abordar.

Hai un momento tamén me comentaba un estudoso presente na sala, que hai un estudo paralizado totalmente neste momento, do que é o análise da demanda é da maneira de cómo se constrúe o precio do molusco en Galicia. De calquer maneira, eu non o teño a miña disposición, está parado por falla de financiación, isto se falará logo máis adiante. O único que puiden ter é un análise da demanda do conxunto dos produtos pesqueiros, no que por suposto se inclúen os moluscos e crustáceos, ten unhas conclusións que citaréi a continuación, ou ten unhas notas características das que vou a falar agora mesmo, pero este análise está feito sen ter en conta o marco global que me interesa a mín resaltar e que a continuación destas notas veremos.

Os aspectos do estudo, do análise da demanda que fai o Ministerio de Agricultura, segundo panel de consumo do ano 1989, que foi a fonte á que eu tiven acceso máis recente, para coñecer: 1.- Os aspectos máis importantes de ésta e 2.- Os lugares donde se chega a levar o consumidor os produtos derivados da pesca, son os seguintes:

a.- En primeiro lugar aumenta dentro dos gastos en alimentación, a cantidade consumida redúcese e aumenta a parte que o consumidor dedica a alimentación en valor. Isto quere dicir, e é moi importante, desde a perspectiva do mercado mundial e do mercado comunitario de alimentos, que aínda que non se chege a tomar máis cantidade de alimentos, (neste caso as propias proteínas dos moluscos e crustáceos), cambia a composición da renda individual adicada á alimentación para chegar a consumir alimentos preparados, alimentos que pasaron por un proceso industrial.

Esto ten moitísima importancia porque, no momento actual, non se pode falar de materias primas alimentarias senon que temos que falar de alimentos que levan nunha parte da súa composición do que ate ese momento eran alimentos, para entendernos, unha cousa é tomar unha ostra ou un berberecho cru, e outra cousa completamente distinta é comprar un plato precociñado que leva un 20% daquel berberecho ou ostra crus que se comía hai 20 ou 30 anos.

Esto é o que prima e o que manda no mercado actual, o alimento ten hoxe unha denominación e ten unhas características distintas que hai simplemente 15 anos, e a tendencia cara o futuro vai exactamente nesa dirección. Eso é moi importante desde a perspectiva do produtor individual, (e do conxunto dos produtores), xa que, en contra das apariencias, diminúe paulatinamente o seu control tanto do mercado do «seu» produto coma do recurso.

Debemos sinalar asimesmo que se da un aumento da demanda de produtos de importación dos máis caros.

b.- En segundo lugar, outra nota característica neste estudo que se destaca, é que no Estado Español, dos cinco billóns (5 billóns) de pesetas gastados para o consumo doméstico de alimentos, só setecentos mil millóns (700.000 millóns) foron adicados os produtos da pesca, só relativamente, vou a explicar agora porqué, son setecentos mil millóns o conxunto de produtos da pesca, ésto digo só porque a tendencia é tamen que dentro desa composición, non por cantidades, senon por valor, aquela parte da proteína consumida procedente da pesca é inferior e decrecente a respecto do empregado en proteína de carne (1,6 billóns carne e derivados).

c.- A terceira nota é que os precios tiveron unha tendencia alcista, especialmente aqueles precios dos produtos con maiores procesos de elaboración, seguimos confirmando a tendencia que anotaba ó principio. No caso da pesca e os restantes produtos do mar tiveron un crecemento do 7%, que os sitúa, máis ou menos, no centro da táboa desas subidas, de incremento do precio.

d.- A cuarta nota, é que a evolución da demanda dos produtos alimenticios por volumen, confirma a existencia dunha integración, na línea dominante dos produtos alimenticios no seo do mercado comunitario. Isto tamén ten unha importancia decisiva, sí o podemos entender coma unha conclusión: nos últimos 15 anos a evolución do mercado interno no Estado Español foise asemellando ao comunitario. Queremos dicir que cada vez pasaremos de ser consumidores ou demandadores de pescado e de produtos da pesca, (o que nos caracterizaba ou nos diferenciaba moito do mercado comunitario), a irnos integrando paulatinamente nas propias tendencias dentro da comunidade. Compre recordar aquí que a evolución, nos últimos 50 anos,

das demandas de produtos da pesca, no seo dos países comunitarios (e Inglaterra incluída) foron sempre á baixa, mentras que no Estado Español, por razóns que agora non son aquí de analizar, ese consumo persoa/ano en volumen de pesca e produtos derivados da pesca sí foi en aumento, tamén en correspondencia cá nosa propia capacidade productiva, esa tendencia agora empeza a variar, lentamente, pero empeza a mudar e a manter un aspecto semellante ó que sucede no mercado comunitario.

e.-Outro aspecto é o descenso no consumo de peixe fresco xa no último ano a 900 g. por persoa e ano, é dicir sí ese descenso, esa tendencia sigue manténdose, non fai máis que aceleradamente marcar a tendencia que estabamos citando no apartado anterior, no consumo de conxelados descende, pero menos, as conservas, en cambio, aumentan. Non fago máis tamén que volver a incidir, neste caso con datos, no que ó principio decía deste consumo en suba dos produtos elaborados, tamén outra vez a marca os gustos e a demanda orientada exactamente igual que no mercado comunitario. En moluscos e crustáceos nótase un crecemento dese consumo de 200g. por persoa e ano, referidos ó ano 1988, publicados en 1989.

Resalto, nada máis para non alongarme en demasía, que no caso anterior, no que se falaba de crustáceos e moluscos, sí vos fixades, faise referencia ó conxunto daqueles produtos que aumentan na demanda na medida na que poiden ser considerados coma produtos de máis alta calidade, é dicir seguirán esa tendencia na medida en que formen parte: 1.- das conservas, 2.- de produtos que pasen por un proceso industrial, é dicir de transformación, e 3.- dunha demanda que é demandada, valga a redundancia, por aqueles niveis de renta máis alta, é dicir de produtos de calidade. Sen embargo en volumen e en peso representarían esa media de aumento anual.

No panel de consumo do MAPA, 1989, analízanse amáis outros aspectos referidos á distribución. Vexamos:

En 1989, aínda ó contrario do que sucede cá tendencia dos restantes produtos alimenticios o 70,8% das vendas de peixe, máis crustáceo, máis moluscos (en volume) realizáronse en tendas tradicionais, isto ten unha importancia decisiva no referente as posibilidades de incidir nunha organización do último eslabón da distribución destes produtos, porque non sucede o mesmo con outros alimentos, ben o coñecedes, do mercado doutro tipo de proteínas coma poidan ser os ovos, as aves de corral, carne. É dicir, se na clasificación temos hipermercados ou grandes superficies, supermercados e tendas tradicionais, estas distribúense así:

O pescado fresco [83,4% véndese en tendas tradicionais
7,4% supermercados
1,6% hipermercados

O pescado conxelado [68,3% tendas tradicionais
23,7% supermercados
3,04% hipermercados

As conservas [35% tendas tradicionais
44,8% supermercados
10,35% hipermercados
5,7% economatos e cooperativas consumo

Os moluscos e crustáceos [70,4% tendas tradicionais
17,7% supermercados
4,9% hipermercados

Esto é o que da de sí a análise deste panel de consumo publicado polo Ministerio de Agricultura. Da de sí relativamente pouco, pero permite coñecer con datos na man, cunha publicación oficial, o que nos previamente coñecíamos pola evolución, polo estudo das tendencias da demanda, coñecido o mercado comunitario, e do feito máis importante que é como se desenvolve no concreto a competencia monopolística no sector dos alimentos, que non nos vale de nada falar ou coñecer con moitísima adicación e exclusividade o mercado dos crustáceos e dos moluscos e cerrar os ollos coma se tivésemos unhas tapadeiras e unhas orelleiras para non oír nada do que sucede co resto de alimentos que se convirten en competitivos e substitutivos destes, é dicir, cando antes falaba da Comunidade Europea, o caso inglés pode amosar coma nos últimos 40-50 anos, pódese reducir á metade e cáseque á 1/3 parte, o consumo de peixe por persoa e ano, simplemente facendo unha substitución na demanda interna, no consumo interior, por outro tipo de proteínas ou por outro tipo de produtos, proteínas ou non.

Non quer dicir que con esto se escriba a nosa historia futura pero sí quero dicir que ésta é a tendencia, de ahí que se requira coñecer moi ben todo os inconvenientes que ten a venda, comercialización, e distribución dos nosos produtos, pero non se

pode perder de vista en absoluto cal é o marco xeral desa competencia en que se desenvolven os produtos procedentes do que hoxe se chama o complexo agroindustrial, é dicir, o mercado dominado por aqueles grandes produtores e con gran capacidade de presenza no mercado de distribución dos restantes alimentos. Coñecemos que a tendencia que houbo en tódolos países de capitalismo avanzado, tanto nos USA, Canadá, coma na CEE, foi de constante descenso na produción e consumo de proteínas mariñas. Mesmo no caso comunitario no momento inicial da Política Agraria Común (PAC) a extracción e comercialización pesqueira era unha parte integrante dela. É dicir, primeiro se formou e consolidou unha chamada Europa Verde e só posteriormente (debido á integración de Estados pesqueiros) se formou a Europa Azul, pero xa cunhas características na demanda de alimentos marcadamente agrícolas (non pesqueiros polo menos).

Decía que tanto os USA coma a CEE, por poñer dous exemplos de países capitalistas avanzados, propuxéronse como marcas da súa política agraria, entre outros, tres obxectivos que chegaron a cumprir clarísimamente e incluso rebasaron no seu cumprimento; un deles é o autoabastecemento de alimentos conseguido a base de incrementos na produción, por suposto incrementos da produtividade dos seus propios produtos agrícolas creando: produtos substitutivos e eliminando paulativamente a importación de produtos que proviñeran de países terceiros. Sabedes que isto non ten tampouco nada que ver co que se pode entender cunha racionalidade de empresa, ou da rendabilidade, sinón que isto foi conseguido a base dunha política grandemente proteccionista, e cunha política sumamente subvencionadora, conseguiron ate leitugas no inverno que como vos podeades imaxinar fai en Inglaterra, clima frío, facendo un gasto enerxético impresionante para deixar de importala de calquera país mediterráneo, pasa por riba de calquera racionalidade mesmo económica, pero estaba o servizo do cumprimento dun fin superior, que interesaba ós propios monopolios da alimentación, que era non depender das importacións de produtos incluso daqueles con orixe noutros climas. Estes obxectivos conseguíronse e mesmo rebasáronse, creando o problema dos excedentes e estes excedentes vai haber que colocalos da maneira que sexa.

Pois isto ten moitísimo que ver co que nos interesa dende a perspectiva do noso futuro porque na medida en que ese abastecemento se teña conseguido, na medida en que esa política agrícola de autoabastecemento de alimentos dira resultado, na medida en que provocara excedentes, eses excedentes van a ter que ser colocados a costa do que sexa e a competencia vai a estar establecida agora entre uns grandes complexos cunha capacidade de invasión de mercados espantosa fronte a pequenos produtores aillados que, como dixeran o principio, coñecen o produto hasta que o soltan das mans. Teñen importancia porque non estamos falando de cestos nin de mobeis de madeira, senón de produtos perecedeiros que van a

enfrentarse no mercado con outros substitutivos e que o van a facer con prácticas ilícitas desde o punto de vista da competencia como o dumping cun precio artificialmente baixo, ben de lanzar produtos o mercado para invadilo, sustitir o produto; sucedeu no seo da CEE e orixinou a substitución de produtos, sucedeu no seo daqueles países que tiñan unha grande capacidade pesqueira e obróu como substitución de produtos e a nos xa nos afectou dende a perspectiva de poder seguir medrando, impedindo que os nosos produtos, tanto moluscos como crustáceos chegasen a países que antes eran de claro destino das nosas exportacións.

Recordo que cando se firmou o tratado de adhesión do Estado Español á CEE, aínda non saera publicado en ningures, eu cheguei a ter unha copia e quedei aterrorizada ó ler o que lle iba a suceder ás nosas conservas, e nos seguintes días leín na prensa unha felicitación ó Goberno español dunha Asociación de fabricantes de conservas de peixes, crustáceos e moluscos de Galicia, non se chama así, pero xa sabedes a quen me refiro, pola firma do Tratado de Adhesión. Iban ter 10 anos de trabas arancelarias, para seguir en peores condicións das que estaban exportando as súas conservas ó mercado comunitario, asombroso, é dicir Marrocos e Portugal iban a ter milliores posibilidades de penetrar na CEE que as súas conservas mesmo desde que o Estado Español fora membro de pleno dereito ou de época de transición da adhesión a ese mercado. Hoxe a base de negociacións vanse logrando reducións arancelarias.

Este foi o comenzo da historia, cando se fala doutro tipo de mecanismos de control do mercado temos que referirnos xa a outras organizacións internacionais que tiveron unha vida anterior e que están por riba da propia CEE. E vou a citar soio unha e tamén soio unha de esas trabas. No caso da CEE está todo tan absolutamente regulamentado que parece mentira que alguén aínda se atreva a falar de economía de libre mercado, porque de mercado sí, mercado entre comillas, e libre, non sei dónde está. Como ven coñecedes, solo aquel que teña curiosidade e colla unha publicación que traiga semanalmente os dictámenes e as normas de obrigado cumprimento da comisión e dos órganos executivos europeos, podrán saber hasta que punto o regulamentarismo frena parte da vida desa organización de mercados que hai no interior comunitario, e polo tanto esa regulamentación das posibilidades de chegarse a él de cada un.

Vou a referirme agora a un aspecto que ademais está de bastante actualidade para a nosa desgracia neste momento, é o seguinte: Desde a fundación do GATT (Acordo sobre Tarifas Aduaneiras e Comercio) vense expresando pola maior parte dos países que dominan no comercio mundial o desexo de países, (de nominado clube dos ricos) que só existen trabas de tipo arancelario para levar a cabo negociacións, para facer intercambios comerciais, en cambio se deixan outro tipo de trabas que

Quería dicer que o problema, incluso para mín, é da propia Administración que a base de cartos públicos están mantendo a división do sector e non favorece a concentración. Explícome, neste momento, o ano pasado creo que foron perto de 200 millóns de pts. que deu a Administración galega a 50 ou 60 cofradías ou organizacións coma a nosa, qué ocorre nese caso, cando tí lle pides que non se dean 200 millóns repartidos entre 40 e 50 que realmente non lle quitan rentabilidade o carto público, o que tiña que facer era concentrar esas subvencións, si é que as hai, e eu hasta non son partidario de subvencións, e estou falando coma secretario dunha cofradía de pescadores e coma xerente dunha organización de produtores, non son partidario de subvencións, son partidario de liñas de créditos blandos e que cada empresa, chámese organización ou outra cousa, que faga traballar os seus produtores e que os seus produtores quiten do seu bolsillo un peso e que invirtan tamén ahí.

Eu penso que o proteccionismo que está habendo co sector mariscador non está xurdindo pola división. Enfrentamos a todo o mundo, nos dende a illa de Arousa por exemplo, temos moitísimos proxectos, estamos con Vilaxoán, investigando o

tema da ostra, que o ano pasado a Administración nos colóu, e resulta que era ostra noruega, e nos están morrendo todas, co problema da compra dunha ameixa a unha empresa privada española que está producindo decusata co arelo marrón e que tamén se nos morre, etc..., e estamos con unha liña de investigación nese sentido, e estamos co proxecto dunha hatchery, evidentemente o que non podemos e estar esperando a que o mar nos dé ano tras ano unha serie de ameixas, de berberechos ou de ostras, que non dan en cantidades para enfrentarse ó mercado comercial, polo tanto é fundamental unha hatchery que vai a ter que sair nunha parte dos bolsillos dos propios produtores, outra, como nos queremos ser tamén unha gran empresa, pero dos traballadores, porque eso sí nos opoñemos en principio, a que o chan público sexa dado a grandes empresas, si hai traballadores que poidan acceder a montar esas empresas, si non queren evidentemente, despois de tódalas facilidades, que llo den ós noruegos ou os chinos.

Penso que o gran problema, conferencia tras conferencia, seminario tras seminario, é que aquí non hai produtores, non hai xente que colla eso, o problema de enfermidades, o problema de comercialización, etc..., esa xente non está aquí para escoitalos.

Poide estar o xerente de Amegrove, pode estar o xerente de Opevinte, pero que aquí logo por moito que nos lle vaiamos dicindo os produtores moito de eso, tómanos a cachondeo. Repito o 90% do sector mexilloeiro non cree na marea bermella e o 100% do sector da ameixa tampouco, e non se creen que morren as ameixas e non se creen nada e eso había que acercálo ó sector que está traballando neste momento, que si ten ganas de traballar, de montar empresas pero haber si somos capaces nun seminario próximo de encher esta sala con tódolo sector productivo, para que sepan como hai que cultivar o mar.

Alfredo Fernández Prieto.

Este seminario, que é o segundo ano que se organiza é local primeiro, non é un congreso nacional, é un seminario feito con fondos buscándonos a vida, non está subvencionado por ninguén inespecífico, sinón que o Vicerrectorado de Investigación buscouse a vida por onde puido, caerán dez duros dun lado, dez doutro, e o que non caiga terá que poñelo quen o poña. A este seminario onte asistiron 75 persoas das que parte están aquí, parte non viñeron porque eran empresas de outro sector, pero viñeron, igual dúas ducias. O día de hoxe estaba rogada a asistencia de varios grupos que coidamos que eran significativos, por exemplo, OPMAR con todo o potencial que ten de 12 ou 14 mil millóns de pesetas os contemplan, AMEGROVE, OPVINTE que é a organización que considero máis representa os mariscadores, estaba invitado o

OPOGA o das ostras, e a algunha cofradía tamén se chamóu, entón eu penso que simplemente si aquí houbera catro persóas con representación de quen se chamóu: AMEGROVE, OPMAR, OPVINTE, OPOGA, e algunha cofradía, podía haber un debate un pouco máis rico que isto, por favor non lle pasemo-la responsabilidade a quen fai un seminario local de que os tipos non veñan, a mín o que me encantaría que da túa OP viñeran dúas ducias de tíos e que esta mesa houbera que dividíla coma onte que fixemos tres mesas de 30 persóas (...). Entón o que temos que valorar, que facer nos autocrítica, na radio fai un momento xa a fixen: non chegamos os propios traballadores, temos que mirar como chegar ós traballadores, realmente esta é unha cuestión local, no contexto da Festa do Marisco, que localmente, perdoa que sexa un pouco chouvinista e localista, que na Festa do Marisco queremos darlle algo de racionalidade a unha cuestión, e que non veña ahí quen ven sempre a papar e deica logo, queremos darlle unha racionalidade a esta historia e levamos uns cantos anos intentando. Eu diríache na Illa, haber anímate, e ós da Ribeira, e os de Aguiño (...), e os da Puebla, e os da Cangas que teñen moito que dicir, entón cicais o que non faga a Administración en outros aspectos, o podamos facer nos por abaixo, e aquí non está a Administración en nada (...).

Manuel Lojo.

Non se está criticando á organización do seminario, estáse criticando ás organizacións, que ano tras ano, que cando se fan estas cousas non veñen. É importante todo este grupo de xente que hai por aquí, que moitos deles pertencen a un curso de acuicultura e son fillos de bateeiros e mariscadores e que a veces é máis importante traballar con eles, que son o futuro, porque darllo ós pais, darllo ás persóas que teñen de 35 anos para enriba, pasan de todas esas cousas, porque teñen o seu chollo montado e non lles expliques nada desto, é moito máis importante que toda esta xente que asista, que vai a aprender moitísimo.

E un fallo do propio sector que ten a oportunidade de intercambiar con técnicos, que non esté aquí. Oxalá o ano que ven se siga chamando este seminario «Cultivando o mar» co mesmo subtítulo: «Empresa e Ciencia», haber si se acerca a empresa

Antonio Figueras.

De todas maneiras penso que se está mejorando moito, desde que mi padre estivo metido en estos rollos allá por los años setenta hasta ahora en los años 90 que empieza a haber más gente del sector que empieza a venir a estas reuniones, yo creo que esto es un gran progreso, ojalá vayamos mucho más rápido y ojalá que venga toda

esta gente que es importantísimo, eso es una cosa que os compete a vosotros, los que estáis representando al sector aquí de alguna manera o sea que sois vosotros los que os tenéis que dejar los forros con esta gente, nosotros podemos ayudar viniendo aquí y hablando de cosas concretas, casos que ellos puedan entender, de muertes, de crecimiento, de comercialización, de rendimientos en pelus, de cosas de estas pero los que lo tenéis que arreglar sois vosotros.

Manuel Lojo.

Por exemplo Opemar e Opevinte, montaron aquí no Grove, fai dous meses, un curso de xestión para organizacións de produtores. Podo dicir que estaban invitados os empregados de Opemar, de Opevinte, etc..., e o mesmo tempo que estiveran as direccións. Resulta que estiveron os empregados obrigados, pero non apareceu nadie máis. Montaste un curso, gastando un millón de pesetas, para poñer a andar á xente e nin sequera a túa xente che vai. O cal leva á conclusión de que tes que traballar moitísimo cás bases, e que hai que facelo a base de seminarios coma éste, ano tras ano, que estén os produtores, e que se poñan a pensar porque vai-lles ó seu bolsillo.

Agora andan tolos porque hai marea bermella, estaba esperando todo o mundo os principios de Outubro, e agora non poden coller ameixas, andaban tolos porque se estaba controlando o precio do mexilón, e agora ven-lle esto, ven o temporal de Outubro-Novembro, e andan acongojados por saber que pasa aquí.

Esto non pasaba si fósemos empresa. O que temos que facer é concienciar ó mariscador galego e ó acuicultor galego de que hai que montar empresa e que esa empresa esté en contínuo contacto coa investigación, non soio científica, senón económica, comercial, para que sepan levar a Galicia, ó mar galego, á Europa e á propia España que completamente descoñece.

¿...?

Yo creo que todo lo que estamos hablando aquí está interrelacionado, si quieres convencer a la gente de que hay que hacer empresa para extraer tienes que dar a la gente un estudio económico de máximo beneficio, aunque luego no se cumpla, no de máxima extracción que es lo que están haciendo ahora, tienen que tener datos para convencerles, si no los tienes, si los supones, o tienes que suponerlos porque no los hay, no hay nada que hacer.

Luego hablando de la enseñanza, la gente que ha venido, la Administración no creo que tenga demasiado, aunque tiene Extensión Pesquera, y hacen algo, yo creo

que habría que animarles a que hicieran mucho más, porque yo estoy dando ese curso que tú dices y te aseguro que la gente es muy receptiva, aprende mucho, le interesa el tema.

Raúl Fontoira (AMEGROVE).

Estou aquí representando a Amegrove, lamento o igual que Alfredo, que non houbera mais socios, que me arrouparan e facer un mellor traballo.

Quisera denunciar públicamente todo tipo de vertidos tanto urbanos como industriais que tanto están afectando, eu penso que si non agora mesmo van a afectar en un período de tempo non moi corto as nosas rías, concretamente falo da ría de Arousa que é a que mais coñezo, ves como ó ir dar un paseo pola costa aparece a parte dos residuos urbanos o montón de basuras que estamos botando nas nosas rías, desde residuos industriais, de fábricas de conservas, ou doutros tipos de produtos, e creo que van a incidir nunha maneira moi negativa senon o están facendo xa nos cultivos que nos tratamos de mellorar e de producir mellor con alternativas o cultivo de mexilón.

Esto está moi ben pero si non atallamos este factor de nada vale esforzarse.

M^a do Carmo García Negro.

Non pretendo contestar, senón facer uns comentarios. No primeiro lugar, cando se fala da posible visión pesimista que daba eu no tratamento dos temas, teño que dicir que dende o punto de vista dunha análise económica, a forza teño que fixarme nas cuestións que dende un punto de vista crítico merecen ser resaltadas. Dicer que si se me pregunta polas alternativas que existen para mellorar dende o punto de vista da posta en práctica na sociedade, na vida, (...). Eu agradezo xa logo para intercambiar os eloxios que se me dirixiron, a intervención da persoa que falaba, da empresa de cultivo de rodaballo no seguinte sentido. Precisamente, moitos anos despois, 10 ou 12, de ter coincidido en mesas deste tipo, eran outros tempos por suposto, vese que aquel relatorio de alternativas que se daban, dende a perspectiva dunha persoa que está traballando cos seus cultivos e nada máis, e que hoxe non son en ningunha medida utopías, senón que se puxeron na práctica, siguen atopándose con dificultades, pero teñen capacidade e ese é un criterio tan optimista para levalos a cabo.

En concreto si vos fixades, falóuse da elaboración, con entusiasmo, por parte dunhas persoas coñecedoras do campo e das súas posibilidades de cultivo, duha organización que dende a base da análise, do que se podía chegar a cultivar,

establecen unha cooperativa. Primeiro teñen uns técnicos que os asesoran, esa empresa despois se reunen con outras moitas cooperativas, mantén unha especie de consorcio, holding, ou empresa exclusivamente do sector servicios, que necesita desa unidade moito máis ampla do que sería a propia productora, para poñer o produto no mercado, utilizando ademais tódolos tipos de mecanismos que o mercado no momento actual dispón na man, tales son as denominacións de orixe, a marca de calidade diríxese a certas especialidades ..., é dicir, ir hasta o último punto do que significa a creación desa empresa, aínda que baixo a forma de cooperativa, de cubrir o que podía chamarse a riera completa da produción dende o primeiro aspecto hasta o último.

Esto foi dito por persoas coma mín e por min mesma, hai eses anos os que fago referencia, como alternativa para ir solventando parte dos problemas cos que nos atopábamos no momento, en que a produción, tanto dende o punto de vista da extracción coma do punto de vista do cultivo estaba garantizada, porque había as condicións para seguir criando e producindo esas remesas mariñas, entón nese sentido é o único que quería un pouco resaltar.

Era tan optimista no ano 78 como podo ser hoxe para superar as trabas que hoxe temos.

O respecto delas, quería citar outro aspecto acerca do proteccionismo. Eu falei antes desas denuncias que teñen feito os países do Terceiro Mundo ou aqueles países que teñen hoxe grandes problemas de débeda externa, que foron habitualmente, ou durante décadas, comercializadores de produtos alimenticios e presentaron este tipo de denuncias en organismos internacionais do tipo do GAT, que llo botan en cara ós membros da CEE, que llo botan en cara ós USA ou a países desa potencialidade, desa capacidade económica que fan exclusivamente as trabas sanitarias, pero no seo da UNTA que é a Comisión das Nacións Unidas (...), donde fundamentalmente se deixan escoitar os países do Terceiro Mundo, teñen feito referencias e hai moitos traballos publicados sobre eso, dunha cuestión que é, como antes citéi, as trabas sanitarias no senso da sanidade humán e é o que lle chaman trabas administrativas, estaba recordando casos que están documentados, cando falaba o representante da cultivadora e cooperativa do rodaballo, cando empezou a citar a cantidade de documentos que tiña que presentar para simplemente entrar no mercado, un produto que en orixe tiña supostamente tódalas garantías sanitarias. Ahí se xunta a traba sanitaria cá traba administrativa. Hai países do Terceiro Mundo que non poden acadar un crédito do BM qu eles van a pagar a un interés cásique de mercado e teñen que ir a unhas organizacións ou a unhas bancas privadas e así aumentar a sua débeda.

Quero dicir para comparar, o sea que non estamos discutindo nada novo, eso existe de antes no mercado mundial e que non poden chegar a esos créditos, pura é

simplemente porque non teñen técnicos facultados no país para encher a cantidade de papéis que lle piden. Unica e exclusivamente eso, e se chegan xa a estudar polos economistas das institucións económicas internacionais o que se chaman trabas administrativas, as coñecemos nos na vida diaria, un crédito subvencionado, é dicir crédito blando para a realización de vivendas no ámbito rural, sabedes quen chega a disfrutar delas, dous tipos de persoas: aquelas que gusten dunha vivenda no ámbito rural porque son así de excéntricos e son cultos por así chamarlle, teñen algún título que lles permita saber leer e escribir e outro que poden facer uso dun servizo municipal vía asistente social que vai casa por casa cubrindo papeis porque a marasma de papéis que hai para pedir ese crédito subvencionado ou esa subvencións para milloras de vivendas no medio rural goza dunha traba de tipo administrativo, isto é exactamente o que sucede dende o punto de vista daqueles estados que queren impedir e utilizan todo tipo de vías para impedir unha entrada, unha penetración no seu mercado para produtos que poden facer competencia cos deles. Isto ademáis se improvisa, e está a ollos vista, é dicir que é numerosa a cantidade de sucesos deste tipo nas relacións comerciais que existe entre países de distinto nivel e donde o propio estado, ollo, a propia administración non toma boa conta para ser ela a que leva a cabo, que protagonice, que leve por diante a defensa dos intereses dos que queren entrar ou introducirse nese mercado que é unha cuestión da que enlazo claramente o papel da administración e me permitides que fale un pouquiño deso no marisqueo.

Decíase que no marisqueo non hai empresarios, estóu completamente dacordo, no marisqueo dos que cas suas propias mans extraen o marisco, hai empresario e é un empresario que ten un carácter oligopolista, que ten dominio do mercado, que é o comprador, e este xa racionalizáu a sua propia capacidade de penetrar nese mercado, entonces cando se di que se debe unir, e ter en conta o problema que se xenera no medio natural na beiramar galega ca cantidade de mariscadores que dependen en boa parte os seus ingresos anuais desas extraccións, o único que parece a mí que se está facendo por petición por parte da Administración se tome moi en serio a ordenación ou a tutela, a defensa, ou a capacitación, pero pola vía da práctica, si queredes pola vía dunha imposición consentida do que é ese propio sector marisqueiro, porque sinón o único que estamos é a expensas do que ese entendido exclusivamente como intermediario que é o grande comprador que ten toda a capacidade de compra e que a capacidade de ademáis nun momento determinado de elixir se compra ou non compra, xa non de modificar o precio que dará ese conxunto de man de obra extractiva (...) ou nada máis salvado aquel que pola vía das iniciativas individuais custosísimas unidas en cooperativas organizacións de reprodutores ou as poucas que hai, podan ir salvando o panorama.

Hai ademáis unha cuestión muy importante que a min pola vía do xénero ó que pertezo me afecta, que a maior parte desas persoas son mulleres, a maior parte desas

traballadoras ou a maior parte do precio final despois conseguido pódese suste por que o ingreso total que se calcula non é como un salario dunha persoa que teña que vivir sola e ,exclusivamente, senón coma un aporte suplementario ó ingreso familiar e eso é algo que dende o punto de vista da consideración do calculo do precio que se tiña que ter en conta por parte da Administración é fundamental senón pouco o entenderemos é algo así coma entra-lo a considerar como un dos sectores que en economía se chaman subterráneos e ten máis esa consideración ese emprego desam de obra feminina no sector extractivo do marisqueo que é unha consideración dun conxunto de traballadores a tempo completo que durante todo un ano teñen que ter un salario polo menos igual co salario mínimo interprofesional, si ese é o calculo que se deba facer xa sabedes que o quilo de berberechos destase extraccions alcanzaría os das ostras.

Eu non sei si me falta algo máis pero querí solo citar aquel caso cando se falou dos certificados para a calidade sanitaria. Son dous elementos distintos. No mercado gandeiro está pasando exactamente o que se dixo, Pasóuse do control do que son os alimentos unha vez xa no mercado ó control do mercado do gando e a importación de enfermidades vía gando (...) de as adaptacións de gando que se importa a un clima donde hai un tipo de enfermidades que non son bacterias coñecidas, xa sabedes no que consiste, o gando e a importación de moluscos neste caso para o cultivo nesta terra tiña que pasar, supoño eu, por un periodo de adaptación para ver si era posible con esa importación non se importan tamén as plagas doutro sitio. Eso é efectivamente un paso importante, sempre hai que ter en conta que se está dando xa no mercado cárnico, é dicir, hoxe o control ven pola ausencia ou pola ignorancia na lexislación propia do estado da posible enfermidade que vai a ser declarada, neste estado non hai lexislación sobre a enfermidade, que non me lembro do nome, pero é a das vacas tolas, non hay lexislación posible que impida neste momento no estado español a importación de gando porque non se controla esta enfermidade, no momento en que esa enfermidade sexa erradicada do propio país no que estivo moito tempo, é un suposto, nese país na medida en que se vai facendo a exportación de excedentes de gando que supostamente se vende como animais de primeira calidade de tipo reproductor, poden declarar esa enfermidade como non apta para comercialización e ti te quedaches con toda-la importación no propio mercado. É dicir a evolución que se fai no terreo da lexislación das enfermidades sigue ese camiño que aquí se apuntaba que é pasar do primeiro control sanitario dos alimentos, segundo, da propia materia prima e terceiro das propias bacterias que poden chegar a compoñer un posible cadro, de enfermidades.

Antonio Figueras.

Quería dicir que si existe lexislación en España para este tema, para el tema de productos del mar y otro asunto muy distinto es que se sea capaz de dos cosas,

por un lado de absorber la gran cantidad de animales y controlar todos los animales que están entrando ahora mismo en España y sobre todo en Galicia, porque es mucho lo que está entrando , vamos a poner un ejemplo, el rodaballo es tal la dependencia que se tiene del exterior en el suministro de alevines que aunque tu le digas que estos están enfermos es que los necesitas porque necesitas la planta llena y en el caso de ostra, almeja es exactamente lo mismo, están enfermos, te pueden «infectar» al mejillón, dice que a mi el mejillón no me importa , a mi lo que me importa es que yo estas las compro a 400 y dentro de un año o dentro de tres meses, que es lo más normal lo vendo a 1200. Entonces esto ya no es una cuestión técnica, es una cuestión meramente económica que alguien suponga que tenía que poner la ley, de hecho está claro, está la ley de cultivos marinos y despues otras disposiciones que han ido saliendo sobre el tema, ahora quién le pone el cascabel al gato es otro asunto.

Eladio Santaella.

El problema de importaciones, como alguno de los que estamos aquí sabemos, se plantea con cierta periodicidad porque es un problema con muchos puntos de vista.

El de la patología añadida es uno más de mucha importancia, pero coyunturalmente es probable que no lo sea tanto.

El tema económico en las importaciones es de momento el que prima en la toma de decisiones próximas.

En lo que a mí respecta, en el marco de la coordinación general de iniciativas en acuicultura marina, en las reuniones de la junta asesora se han tratado estos temas y dispones de un sistema que por lo menos permite conocer al 100% las importaciones destinadas a cultivos. El que viene como producto final, que despues es introducido en el agua para su regulación de mercado o para su «semicultivo» ese no se controla todavía, en principio, por la vía que tenemos establecida.

Por lo menos aquel producto que viene por debajo de talla comercial requiere un procedimiento de declaración entre las fronteras y con la impresión posterior de la comunidad autónoma que de momento por lo menos permite el conocimiento de los organismos responsables de inspecciones y control para que estas inspecciones se hagan.

Yo creo que está funcionando y ahora la situación es menos mala que hace 2 años. Eso se puede decir aunque el problema es mayor ahora porque están viniendo más productos. Esta es la situación actual y también existen como tú has dicho un

reglamento comunitario en discusión, que los italianos quieren que salga durante su presidencia, antes de finales de año, y cuanto menos, clasifique mejor la situación mejorando sanitariamente los cultivos en toda Europa.

Secundariamente quería señalar un aspecto de la exposición de Guillermo y relacionado con lo que a mí me toca más directamente que es la coordinación a nivel del Estado, y la gestión de las ayudas estructurales nacionales y comunitarias.

Primero en lo que se refiere a la dicotomía marisqueo-acuicultura, no entro en la discusión de si potenciar una línea u otra, mucho menos en zonas geográficas concretas, pero sí hay que tener en cuenta en cualquier análisis que se haga es que para acceso a las ayudas estructurales es imprescindible que sea una iniciativa de acuicultura, esto es posibilidad de estructura cerrada de gestión, empresa, cooperativa etc..., y acceso directo y no compartido del terreno en que se realiza la explotación, esto permitiría a estos grupos de las comunidades acceso a subvenciones estructurales que en el caso de Galicia podían representar, complementadas con subvenciones de otro origen hasta el 75% de los costos. Por otro lado como líneas alternativas al mejillón, hay que señalar que las dos, por lo menos en el caso de vieira y ostra, están previstas en los programas en el marco para la asignación de las ayudas estructurales, programas de orientación que precisamente termina su vigencia el año próximo y ya en Marzo deberíamos tener elaborado uno para el próximo quinquenio.

En el que está ahora en vigor se contempla la subvención a iniciativas de cultivo de vieira y ostra, pensando en el caso de Galicia, como líneas alternativas o complementarias de desarrollo de la acuicultura suspendida y que en otros casos, como en el de Cataluña, ha dado lugar a la creación de un sector absolutamente nuevo de cultivo de ostra en la zona del delta del Ebro, que en cuanto a resultados, a no ser que me engañen, son muy positivos porque no tienen demasiada prisa para cobrar las ayudas, las tienen ahí, y las cobrarán, pero el que no tengan demasiada prisa me hace pensar que están teniendo retornos económicos lo cual es en principio una buena noticia.

En el marco de una ayuda llamada estructural porque lo pone el reglamento comunitario, a mí me gustaría más hablar de ayudas coyunturales, porque no son determinantes de la rentabilidad ni mucho menos de la iniciativa pero que en este caso concreto ha permitido la creación de un sector cooperativista de varios centenares de miembros comprometidos con aportación propia de pequeñas cantidades de dinero a la idea de una línea de cultivo de ostras que antes no existía.

Paco Cortés.

Yo quería hacer una pequeña reflexión sobre el tema que se está hablando hoy y es que habría que analizarlo desde un punto de vista más global, estamos hablando

ahora concretamente del caso de los bivalvos y no podemos hacer comparaciones o traslaciones lineales a lo es la iniciativa empresarial en el caso de los peces por las siguientes razones: En el caso de los bivalvos ha existido una producción natural salvaje que ha estado ahí, y que ha entrado en el proceso económico de la sociedad costera de Galicia, tampoco se puede comparar con el resto del estado español. En el caso de los peces, los que se han querido meter a hacer acuicultura de peces han tenido que hacer una inversión no solamente en el terreno y en la construcción, sino en un aspecto importante que es el de la tecnología. Entonces hay ya una comprensión por parte de este grupo de empresarios que se ha metido en el cultivo de peces sobre que la tecnología ha tenido unos costes y son necesarios para producir, eso nos lleva a que el mundo de la producción de bivalvos es una cosa aparte, la producción estaba ahí, la demanda económica de ese producto estaba en la sociedad puesto que lo compraba y valía dinero (...).

Entonces no existía en principio para explotar este recurso que hacer una inversión ni contabilizarla económicamente. La primera pregunta que tendríamos que hacer es si todo este sector productivo ha tenido que hacer alguna vez cuentas para tener esto, es decir, han existido o existen realmente empresas que exploten los moluscos a través de la acuicultura, para mí la contestación en principio es no. Existe una producción y es una riqueza que se está generando de ahí, pero está invertebrada desde el punto de vista económico porque no ha necesitado para tener esa riqueza hacer ningún tipo de cuestión económica y lo mismo sucede desde el punto de vista tecnológico y por eso existe esa disfunción entre los investigadores y la no comprensión por parte del sector productivo, de las cuestiones tecnológicas. Para tener ese producto no se ha consultado a ningún biólogo, habría que tener en cuenta para el desarrollo de este sector productivo, el vertebrar esos dos aspectos.

Primero introducir criterios económicos en el proceso productivo, que llevarían a cambiar el modelo de producción actual y a introducir objetivos dentro de ese proceso productivo que modificaran o asumieran determinadas innovaciones tecnológicas. Por ejemplo la introducción de procesos de tecnología en el proceso productivo es la limpieza, etc... a la que se ha aludido antes. Evidentemente la Administración ha financiado ese tipo de cosas pero eso ha servido para que la gente introdujera en su proceso productivo el cuidar fuera de la época de captura, lo que hace falta es que esa tecnología que se está introduciendo sea efectiva y llamativa, no que sea llamativa por el dinero que le dan sino por los resultados que produce como por ejemplo las prevenciones en patología. La gente asumiría ese tipo de introducción de tecnologías tanto en cuanto le reportara riqueza o les impidiera mortandades y pérdidas.

Como conclusión creo que lo primero a hacer en este tipo de cosas, para modificar la realidad que hoy día existe, sería primero admitir la realidad invertebrada

que tenemos, segundo, ir introduciendo objetivos progresivos con estas dos cosas: tecnología y estructura empresarial en este sector, porque hoy día no la tiene.

Manuel Lojo.

Mira, no sector do marisqueo neste momento, estase vendo a necesidade real de creación de empresa, de feito dende a entrada na CEE, que é algo tremendamente importante para o sector marisqueiro ben no futuro do 93-94, vendo as importacións que está habendo, compréndese a necesidade real de montar empresa. Para eso están as organizacións de produtores.

A filosofía das organizacións de produtores é: un montaxe dunha empresa que en vez de ser de catro señores é de 2-3 mil persoas, o cal, dende o noso punto de vista, é moito máis positivo que esas grandes macroempresas con 1-5 socios.

Estase producindo esa necesidade. Na ría de Vigo montouse agora unha organización de produtores, todavía están en pañales, pásalle o mesmo ás organizacións de Pontevedra e da Coruña. ¿Por qué están en pañales?, porque a Administración prima a diferenciación, no sentido de que prima a división, por desgracia.

Cando alguén pide unha subvención, para limpeza, vareos, para montar unha hatchery, a Administración prefere darlla a 25 portos, porque políticamente os ten contentos, en vez de darllos a unha organización que logo ten que redistribuír nos seus socios. Pasa en Opemar, Opemar supoñe que concentrarán as subvencións en Opemar e Opemar tendrá que redistribuír entre as súas sociedades, que pertencen a Opemar, esas subvencións ou axudas, porque están en unha escala económica intermedia entre a empresa do rodaballo e o que é o empresario individual do marisqueo, que tamén son empresarios porque teñen que ter unha licenza fiscal, e están ténndoas por desgracia sin ter por qué.

Pero si se está dando esa necesidade, porque levan o marisco a lonxa e ocorre que ven o intermediario que paga o que lle da a gana, ou que se plantea unha folga, como o ano pasado, e eu non compro.

Plantease a necesidade porque cando unha lonxa pide avales para que os intermediarios que compran alí garanticen a compra, dicen que eles non poñen avales, si eles non poñen avales pois non compran, si non compran, a lonxa, á lonxa que pide avales se lle fai un boicot.

Entonces estase vendo a necesidade de creación de empresas das organizacións, primeiro, para producir máis produto, e de máis calidade, de marca, como o están facendo outros compañeiros, segundo, para comercializar, non temos que estar dependendo dos minoristas, de unha serie de xente que anda polo medio, que nin sequera son empresarios aínda que teñen empresa, porque nos levamos a sorpresa, na discusión, por exemplo, no tema dos avales, de que eles mandan o produto que mercan en calquer lonxa e o mandan cun papeliño, nin sequera con un albarán de entrega, nin sequera con garantía de cobro. Qué ocorre, que no sector do molusco branco hai cada pufo polo medio impresionante, e os pufos quén os surte, van as lonxas directamente, porque si o comercializador tal non cobrou de Madrid, non lle paga a lonxa, e a lonxa non tiña fórmula de establecer un cobro deso. Cando ti lle dices, eu quero que me de un aval, que me garantice ou que me pague ó día, ou chegamos a un acordo a 31 días, eles veñen con que non teñen garantizada a venda delas, e que problema teño eu, si vostede me compra a mín, vostede me garantiza a mín o cobro, é problema seu si vostede cando vende non garantiza a súa venda.

Aquí se ve a necesidade de empresa nese sentido, e a xente cada vez, está vendo máis necesidade.

Aquí digamos, vamos a outro tipo de discusión, que é a división que hay e da xente que está dirixindo as organizacións. E dicer hai persóas que teñen o seu status aquí establecido e con que cada ano teñan un crecemento de extracción dun 5-10%, consideran xa rentabilizado eso, o que ocorre que mentras que a xente que está dirixindo ás cofradías de pescadores, e as organizacións de produtores non teñan unha mentalidade clara e lle sepan transmitir eso os seus socios, evidentemente non haberá solución de futuro. Agora si se está dando ese xerme, na ría de Vigo xa polo menos, o facer unha organización de produtores que englobe ós mariscadores da ría de Vigo e que traballen conxuntamente unha serie de bancos, incluso que se planteen o tema unitariamente creo, aínda que sexa a primeira vez, é moi importante, que seguro a segunda necesidade vai a ser facer unha hatchery.

Non se pode estar dependo de 15 días de Outono, de 200 ton. de berberecho que é un recurso moi limitado, terán que diversificar eso, si queren profesionalizar a súa xente van a ter que coller durante todo o ano, e para isto teñen que ter un recurso, e unha empresa que primeiro consiga ese recurso, e segundo que o leve deica a súa distribución final. Eu creo que nun prazo de 5 anos o sector marisqueiro galego pode ter un cambio total, o problema sigo decindo é que as Administracións que está habendo non ven aínda esa solución, ou non queren vela.

Decía antes Alfredo que Marnovo ten unha liña de calidade e vai a ter un produto de calidade e a un precio determinado e ven outra xente, que tamén fai

rodaballo e fai outra liña de calidade , menor ou inferior , nos o que si temos conscientemente e que vamos a un produto de calidade e de marca, evidentemente un produto de calidade e marca e a un precio determinado e o que queira ese produto de calidade e marca o consume , o que non, que consuma outra cousa, pero que o consumidor final sepa que aquilo é produto de marca que llo garantiza e o outro é outra cousa. Non é igual que os comercializadores que están vendendo semi-decusata por decusata, e outros exemplos que no mes de Xaneiro-Febreiro viñeron uns comercializadores cataláns, estiveron na lonxa da Illa, primeiro estiveron nas oficinas da organización de produtores falando de porqué unha ameixa ten un precio, porqué a ameixa decusata ten un precio, porqué a babosa ten outro precio , por qué a roxa ten outro precio e porqué a amarela ten outro precio e estamolles explicando alí nas oficinas, e entonces os tíos non entendían moi ben aquilo, logo fumos a lonxa e levamonos a gran sorpresa de que incluso eles descoñecían o produto e confundían a ameixa babosa grande e a que lle metían por ameixa fina, que a ameixa roxa é máis clariña e que lla metían por babosa, etc..., hubo que poñerlle, a estes comercializadores cataláns que habían contactado na feira de Barcelona coa nosa xente e viñeron a visitarnos, unhas ameixas ,unha o lado doutra, é decirlles, mira, ésta é a ameixa fina que ten estas características, que para fresco ten esto e por eso se ofrece esto, esta é babosa as súas características son estas , non ten o precio da viva por que non se aguanta tanto, a «roja» é esta, da «roja» tes dúas a que ben de arrastre e a que ben doutro estilo, a de arrastre ..., houbo que explicarlle esto a eses señores que descoñecían ese tema, esto é algo que ten que facer a Administración e é o que temos que facer nos. Estóu dacordo con Paco, e a filosofía que está propugnando é a filosofía que debe levar neste momento o sector marisqueiro se quere ter un futuro, e debo ser sincero, porque neste momento sí me preocupa, pero cicais dentro de 3 ou 4 anos a min non me preocupen as importacións, sinceramente eu como xerente dunha empresa non me van a preocupar as importacións o que teño que facer é que o consumidor diferencie entre o que está comendo.

Paco Cortés.

Considero que la gestión económica condiciona determinadas introducciones de tecnología y de criterios biológicos.

Las limitaciones biológicas en el proceso productivo de animales vivos son simplemente limitaciones. Creo que es fundamentalmente la gestión económica la que determina los éxitos o no de este tipo de explotaciones.

El bateeiro se introduce de una forma muy sencilla por una inversión en principio muy básica y muy elemental aprovechando los barcos viejos sobre los que se cuelgan

las cuerdas y con un producto que en el año 49 Anawolf-Rangun?, consideraba en un estudio sobre la ría de Noia, que el mejillón era un producto a extinguirse en las rías de Galicia.

Al aumentar el volumen en la zona de producción aumenta la producción de este producto, hay un mercado que está abierto y se empieza a ganar dinero a través de esto.

Solamente es en el año 1976 cuando aparece la primera toxina fuerte de PSP que produce un gran paro en la explotación del mejillón, los mejilloneros se plantean el asociarse, al principio eran explotaciones individuales, aprovechando los recursos o las posibilidades de obtener una concesión de fondear un barco viejo. A partir de ahí es donde empiezan los primeros criterios económicos en toda la explotación del mejillón.

El crecimiento en bateas, el crecimiento nuevo, eso se hace sobre recursos ganados y no sobre el recurso de partida de la inversión inicial, en la economía del mejillón y después por subvenciones, mejora de parques de cultivo, etc... Así que si haces un análisis un poco exhaustivo de esto, el bateiro entra en una producción económica casi sin haber hecho la inversión consciente que hizo el productor de peces.

Hoy día el bateiro tiene que plantearse, cuando han llegado las grandes asociaciones como es Amegrove, Opemar, una acción coordinada entre ellas y una introducción empresarial en su gestión.

Pero en principio el bateiro es propietario de una batea que tiene una serie de recursos, esa es la realidad desde el punto de vista económico y cultural de la explotación del mejillón ahora, y que la relaciona mucho con la explotación de un recurso que existe hoy día que es el marisqueo.

Antonio Figueras.

Estamos de acuerdo, el único asunto que a mí me preocupa, porque creo que el mejillón va por otra vía un poquito más acelerada es el tema del semicultivo, el marisqueo en el que parece que hay un inmovilismo, es la extracción sin ninguna inversión.

Es posible que se de un proceso en ese sentido de acelerar esa profesionalización de este sector de conseguir que haga una mayor conciencia por su parte.

Aquí estamos dando ya con tres campos, por un lado el cultivo de peces, hay una inversión económica fuerte, una asunción de tecnología. El mejillón ya es cosa intermedia, los mejillones, experimentando ellos por su propio riesgo y buscando más para abaratar costes en determinados momentos de todo tipo.

Luego tenemos el marisqueo que es igual que hace 30 años prácticamente, salvo puntos concretos de cofradías que han hecho limpieza de fondos, que han comprado semillas, etc...

¿Se ve alguna posibilidad real de que el marisqueo pase a ser un semicultivo o un cultivo extensivo con una estructura, como antes decía Eladio, con mentalidad de empresa?

Al salir afuera vemos que el cultivo de mejillón en Holanda son 20 empresas, la explotación de los campos de berberecho son 30, es otra concepción de la explotación del mar.

Paco Cortés.

Debe existir un planteamiento de convertirse en empresa, de manejar criterios económicos y en vez de tener una producción tener un producto, así se puede dar un paso, sino la gente va a sacar y a vender esa producción en el muelle por si alguien la compra.

Manuel Lojo.

Para eso hai que estar nas organizacións e nos organismos que estan nese tema, por exemplo ,por primeira vez, a Administración convocounos para o estudo da Lei de Calidade de Augas, o cal é tremendamente importante, estamos progresando, e o decía antes Raúl Fontoira e vos contra o tema de vertidos, contra todo ese tema levamos protestando fai dous anos e sabemos que a importación de ameixa fina portuguesa produxo unha serie de mortalidades en depuradoras, cicais o tema non nos preocupou, preocupounos cando lle chegaba a o comercializador desa depuradora ou desa cetarea e decía non e que é a ameixa que compréi na tua lonxa, evidentemente neste momento temos o circuito, temos compañeiros que fan patoloxía, pero claro temos nos , e non lle pagamos, como son conocidos e cá base de que son conocidos decimos faimos un mostreo ou próbame esto. O outro día ven a marea roxa, nos cortan o tema de extracción as 8 da tarde, legalmente tódolo que se haia vendido antes das 8 da tarde é legal, tódolo que se vendéu dspóis das 8 da tarde é ilegal, qué e o que

ocorre, pois por exemplo unha lonxa como a nosa que as 6 da tarde acabou era todo legal, aínda que tivera toxina, é dicir a Administración tense que facer cargo dese tema según os xuristas, outras como a de Bueu que empeza a subastar as 7 da tarde e acaba as 8.30, si hasta o momento que recibíuse a comunicación oficial, que é o fax da Consellería e se recibe as 8, as vieiras que vendeu de 7 a 8, as vendéu legalmente, as que vendéu a partir das 8 non había recibido o fax oficial, e a ver que pasaba ahí. Entonces, qué é o que ocorre que ó día seguinte nos chaman por teléfono é dicen: «Sanidade estame prohibindo a venda da ameixa...», contesto que teño feito uns mostreos feitos na lonxa, e se me dan positivos, evidentemente habrá que negociar ese tema, pero si me dan negativos é problema seu. Eso é o que está tomando en conciencia a xente do marisqueo e o está sufrindo demasiado nas suas carnes, demasiado.

Outro tema importante é a falla de respecto da xente que vive do mar hacia os mariscadores, eso é algo que eu quero constatar aquí. Estamos tendo moitísimos problemas para facer profesionais, no senso que por un lado discútese o tema do mexilón e dos mexilloeiros e polo outro o dos mariscadores. Nos temos na Illa moita xente que é mexiloeiro e tamén che vai á campaña marisqueira e non se da conta de que: primeiro, que nin é mexiloeiro o que está traballando o mexilón a correr para poder ir o 1 de Outubro á campaña, despois veñenlle os temporais de Outubro e resulta que con 10 cordas que lle sacudíu o temporal perderon máis cartos dos que ganaron na campaña marisqueira, aínda non entenden eso, como estou decindo, unha falla de respecto de profesional que está traballando o mar que non deixan, ou que eles queren introducirse nese ciclo económico tamén cá xente que realmente non ten nada, cá xente que ten unha dorna, cá xente que vive da pesca artesanal fundamentalmente, ésto o mexilloeiro aínda non o entendéu, non o entendéu na Illa nin en moitos sitios. Estamos intentando convencer ó sector mexilloeiro de que sexa máis empresario, que se adique o seu, e que deixe a outra xente que realmente non o ten, que esta vez sexa empresario doutra forma, que sexa cultivando o mar, eles semicultivan dunha forma e no queremos semicultivar doutra, isto é algo tremendamente difícil, tremendamente complicado, que é o que antes falaba Pardellas, do problema dun estudio antropolóxico-social, que non o hai aínda neste momento, ou está en pañales, que é tremendamente grave para o sector mariscador que se está enfrentando cada día nas praias ou no mar con bateiros, con agricultores, con ganadeiros, que todo o mundo, primeiro planta as viñas e cando acaba de traballa-las logo baixa a praia, collen o albariño e baixan a praia. Entonces, non ti como organización, se queres facer algo, non consigues facer unha xestión seria, porque si tes 50 ou 1500 persóas, e calculas a xestión dun recurso, despois aparecenche 3000 e rompechen todo tipo de plantexamentos, tanto de produción como comerciais.

Pero, si, en canto a túa pregunta, a xente que está no sector marisqueiro, moita xente, non todo o mundo, estase planteando seriamente o montar empresas e o propio sector mariscador está tomando moi en serio eso.

M^a do Carmo García Negro.

Simplemente insistir dende aquí nun aspecto que me parece fundamental dentro da tua intervención e cá que coincido plenamente, que é o seguinte. Ver, como unha sombra que planea en todo, á Administración dende a creación, que foi sempre a miña teima, das condicións técnicas para que a produción do recurso se cumpla, deica a chegada da comercialización ó último que é o consumidor. Si te das conta dende o tema dos vertidos, do que ten responsabilidade a Administración de gardar tódalas condicións para que a salubridade nas rías no lugar no que se producen todo tipo de recursos se garantice, deica se garantice tamén que esa denominación de orixe esté amparada por nuha lei na que o consumidor teña tódolos seus dereitos recoñecidos, pero ten que haber unha acción administrativa eficaz, que se cumpla, que sexa de obrigado cumprimento e non orientativa.

A min por eso, traigo a reflexión un aspecto que trataba a persoa que falaba antes, que como biólogo trataba aspectos de tipo económico, solo vou a poñer un exemplo para que se compare no terreo da insistencia da que eu me fago tamén portavoz do papel da Administración, en comparación cá insistencia que ti fas, parece como un pouco aplicando a responsabilidade individualizada do que non se convirtiu en empresario. Imaxínate por un momento que si despois da transición democrática que se levóu a cabo no estado español, se deixara ó libre albedrío individual ou colectivo a posta en práctica da Lei da Reforma Fiscal, solo che digo eso, estaría recollido a cantidade de diñeiro que hoxe se fai a través das declaracións da renda que supostamente se fan voluntariamente, solo digo tamén, para reforzar o meu desexo de que a través das presións que o propio sector faga para que a Administración se dé de conta do seguinte, o 1 Xaneiro de 1986 cando tódolo mundo sabía que as organizacións de produtores eran un instrumento básico para entrar no mercado comunitario, o estado español non tendo por qué se negóu a negociar o tratado de adhesión, non se fixo nada dende a Administración para que ese día, o 1 de Xaneiro, houbera nin sequera a primeira criada, son precisamente como un empuxón e iniciativa do propio sector as que se va criando, que eso si son amparadas e elas mesmas presionan á Administración, pero pola Administración o 1 de Xaneiro de 1986 non existía unha sola, cando en tódala Europa Azul con moitísima menos importancia que tiña o sector pesqueiro que no estado español, era o mecanismo, a unidade básica de funcionamento tanto no sector extractivo como no produtor como en toda Europa deica chegar ó plano comercializador. Entónces o camiño que se leva andado

dou-lle o aval total da iniciativa ó propio sector, teño nel depositada tódala confianza e deica o extremo que o propio sector cando fala cá súa propia voz se decide, e o que presiona a Administración para que lle crie as condicións, non a propia Administración a que tomando a dianteira, dado a integración que existe e que ti citabas, podía tomala, porque quen pode actuar e quen coñece, non o individuo.

Paco Cortés.

